



Facultade de Filoloxía

Traballo de fin
de grao

A relevancia da
linguodiversidade no
estudo da linguaxe

Unha visión ecolingüística

Vítor Míguez Rego

Xullo 2014



Facultade de Filoloxía

Traballo de fin
de grao

Baixo a dirección da
profesora Teresa Moure

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'T. Moure', written in a cursive style.

A relevancia da
linguodiversidade no
estudo da linguaxe

Unha visión ecolingüística

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'V. Miguez Rego', written in a cursive style.

Vítor Míguez Rego

Xullo 2014

Índice

Introdución	5
1. A linguaxe, as linguas e a lingüística	7
2. O poder heurístico da opción interlingüística.....	11
3. Categorización, prototipos e gramática	18
3.1 Focos e cores	20
3.2 A teoría dos prototipos	22
3.3 Prototipos e clases de palabras: o caso do adxectivo.....	23
4. Os complementos directos do galego á luz da linguodiversidade	30
4.1 O CD nas gramáticas do galego.....	31
4.2 A transitividade como propiedade non-discreta	32
4.2.1 Aspecto	36
4.2.2 Polaridade	37
4.2.3 Volicionalidade.....	38
4.2.4 Individuación do obxecto	39
4.2.5 Afección do obxecto.....	39

4.3 Definindo o CD.....	40
4.4 Animación e determinación.....	42
4.5 Os CD con preposición do galego	44
4.5.1 Uso de <i>en</i> con CD	46
4.5.2 Uso de <i>con</i> , <i>de</i> e <i>por</i> con CD.....	50
Conclusións	53
Apéndice de linguas referidas.....	56
Bibliografía.....	58

Introdución

O presente traballo parte da hipótese de que o estudo da linguaxe humana debe levarse a cabo a partir dun número amplo de linguas, maneira de proceder que dará solidez á teoría no seu conxunto e permitirá deitar luz sobre fenómenos particulares dun sistema lingüístico concreto. Asumimos que non existe a lingua humana en termos da cal se poida coñecer a facultade da linguaxe así como o comportamento das linguas no seu conxunto.

Esta proposta vincúlase á escola tipolóxica, que se caracteriza polo punto de vista funcionalista, o recurso a principios cognitivos, o recoñecemento da continuidade nas categorías e o interese pola diversidade lingüística. Deste xeito, as linguas son estudadas en calidade de sistemas de comunicación que responden a unhas determinadas necesidades e que se enmarcan no fenómeno máis xeral da cognición humana. Así mesmo, inténtase superar a clasificación das linguas baseada en relacións xeográficas e xenéticas, apostando pola noción de tipo lingüístico. Nesta concepción, a ciencia da linguaxe non só se ocupa de describir as linguas particulares senón tamén a diversidade mesma dos sistemas lingüísticos, partindo da base de que tal diversidade non se asenta sobre a casualidade.

Algúns dos traballos que nos introduciron neste marco teórico e serviron para mostrarnos a súa transcendencia foron os de B. Comrie (1981), J. C. Moreno Cabrera (1995) e T. Moure (2001), onde se encontran as liñas mestras da tipoloxía lingüística. Traballos como o de J. Greenberg (1963) conforman o seu precedente máis inmediato e son pioneiros no emprego de métodos estatísticos para a caracterización da linguodiversidade. Por outra banda, a obra de E. Sapir (1921) supón a fonte de onde bebe boa parte da lingüística actual e nela xa atopamos unha marcada veta antropolóxica, da que deriva o interese pola psicoloxía social e pola diversidade de linguas e culturas. É notábel a estreita veciñanza destas obras con outras de cuño cognitivo como a de W. Croft e D. A. Cruse (2004).

Á motivación intrínseca da proposta tipolóxica hai que sumar o panorama actual de diminución da linguodiversidade, que supón a destrución dunha importante parte do patrimonio inmaterial humano e leva a unha drástica redución da base empírica con que conta a lingüística.

No primeiro capítulo deste traballo, esbozamos o panorama da lingüística actual en relación coa linguodiversidade, avogando por un modelo ecolingüístico.

No segundo capítulo, recolleemos algúns casos referidos á sintaxe das linguas advertindo a necesidade de revisitar as nocións da gramática tradicional tendo en conta unha base empírica ampla. Dedicamos especial atención á revisión da función de suxeito.

No terceiro capítulo, introducimos pautas metodolóxicas baseadas en principios cognitivos e no recoñecemento da continuidade, como os conxuntos difusos e os prototipos. Exploramos a aplicación destes conceptos ás clases de palabras.

O núcleo do traballo constitúeo o cuarto capítulo, onde aplicamos todo o anterior a un ámbito concreto da sintaxe do galego: os complementos directos. Tras un breve repaso do tratamento desta función sintáctica nas gramáticas galegas (§4.1), trazamos o marco en que debe ser estudada a noción (§4.2) para finalmente propor unha caracterización que supere as deficiencias detectadas anteriormente (§4.3 e §4.4). Nun último apartado (§4.5), analizamos o fenómeno de marcaxe preposicional de obxecto en galego dentro do marco deseñado, onde a hipótese suxerida se beneficia das evidencias achegadas por outras linguas.

1. A linguaxe, as linguas e a lingüística

A facultade humana da linguaxe maniféstase en linguas diferentes. Este principio, tradicionalmente enunciado pola lingüística, non foi asumido á hora de construír a teoría gramatical. As grandes linguas de Occidente, as que gozaron historicamente de falantes con poder e prestixio, tomáronse como única base para as investigacións sobre a linguaxe¹. Nas páxinas que seguen, tentaremos demostrar que proceder deste modo é un grave erro que pode levar a conclusións erróneas acerca da natureza da linguaxe humana. Asumimos, pois, que o obxectivo da lingüística teórica é o de estudar o espazo de variación dentro do cal se desenvolven e estabelecen as linguas humanas (J. C. Moreno Cabrera 1995). Para esta tarefa é fulcral atender ás diversas manifestacións da linguaxe que son as linguas individuais, mais isto supón enfrontármonos ao problema da mostraxe, hoxe agravado pola desaparición masiva da linguodiversidade.

En efecto, traballarmos cunha ampla variedade de linguas presenta o inconveniente de só existiren gramáticas e traballos especializados sobre un número moi reducido do total de linguas do mundo. No novo milenio, as limitacións nos inventarios lingüísticos xa non responden ás dificultades de acceder a lugares remotos (aínda que si é certo que continuamos a descubrir poboacións en zonas antes inexploradas, pensemos no Amazonas ou en Nova Guinea Papúa) senón sobre todo ao deficitario desenvolvemento da lingüística de campo: en canto certas zonas do planeta foron minuciosamente examinadas, outras case non recibiron atención e isto reflíctese nos compendios de linguas. É o que apuntan J. J. López Rivera e T. Moure (2002) para o *Ethnologue* (unha das obras máis prestixiosas e completas na catalogación de linguas), contrastando o alto grao de detalle con que se trata a situación lingüística de Norteamérica (especialmente a dos Estados Unidos, que conta cunha sólida tradición de estudo das linguas nativas²) coa imprecisión dos datos sobre África, moitas veces parciais e desfasados. Esta tendencia ao

¹ Se tomamos os datos de *Ethnologue* [M. P. Lewis *et alii* 2013], a familia indoeuropea contén un 6'15% do total de linguas do mundo, isto é, 437 fronte a 7,106. Hai que reparar, ademais, en que a maioría de linguas desa reducida porcentaxe non tiveron presenza nos estudos gramaticais.

² Tamén hai que ter en conta que o *Ethnologue* é patrocinado polo Summer Institute of Linguistics de Dallas, unha institución católica. De aí a grande atención ás linguas amerindias, estudadas xa desde o século XVII nas misións relixiosas.

etnocentrismo é a razón principal pola cal non temos datos precisos sobre o que falan moitos pobos do mundo.

A situación é moito máis grave se temos en conta que a maioría das linguas do mundo están a desaparecer a un ritmo sen precedentes: cando unha lingua que non foi descrita desaparece, a lingüística perde definitivamente un material empírico de incalculábel valor, pois só podemos obter unha idea das posibilidades da linguaxe humana examinando as linguas individuais. Para ilustrar isto, R. M. W. Dixon (1997: 118) propón imaxinarmos que un meteoro caeu hai uns centos de anos no sur de África e devastou a zona. Alén de perdas de moita maior importancia, se o hipotético desastre resultase na desaparición das linguas khoisan da zona, seríamos capaces de imaxinar que os cliques³ poderían usarse como sons lingüísticos? E aínda que o fóssemos, dificilmente poderíamos crer que unha lingua tivese até 55 cliques contrastivos, como acontece co !xu⁴. Se tal catástrofe acontecese, seguramente as nosas conclusións sobre os aspectos fonolóxicos da linguaxe serían erróneas.

Non hai dúbida de que a extinción das linguas empobrece a boa parte das ciencias humanas, que ven reducido de maneira irreparábel o seu obxecto de estudo. Mais non é menos certo que a drástica redución da linguodiversidade afecta a especie humana no seu conxunto.

Desde que a finais do século pasado o lingüista M. Krauss (1992) dera a voz de alarma, xurdiu un bo número de traballos co albo de defender a necesidade de protexermos o patrimonio lingüístico da humanidade. Alén do lexítimo dereito dos pobos a conservaren a identidade propia, hai que ter en conta as devastadoras consecuencias sociais dos procesos de substitución lingüística, que poden comprometer a integración de varias xeracións, creando risco de marxinação e exclusión sociais.

A relación que existe entre linguaxe e cultura e o papel destas na conformación das capacidades adaptativas da especie é outra poderosa razón para a defensa das linguas en

³ Sons producidos chascando a lingua, o padal ou os labios sen empregar aire procedente dos pulmóns.

⁴ Lingua do grupo khoisan falada en Botswana e Namibia (a información sobre as linguas do mundo está tirada de dous recursos en rede: *Ethnologue* e *Glottolog* 2.2 [S. Nordhoff *et alii* 2013]).

perigo. D. Crystal (2003: 65) resúmeo así:

Se a diversidade é un requisito previo para o éxito da aventura humana, entón a preservación da diversidade lingüística é esencial, pois a lingua xace no corazón do que significa “ser humano”. Se o desenvolvemento de múltiples culturas é tan importante, o papel que desempeñan as linguas é crucial, porque as culturas se transmiten principalmente por medio da oralidade e a escrita. Conforme isto, cando a transmisión lingüística se rompe ó morrer unha lingua, hai unha perda grave do coñecemento herdado. Calquera redución da diversidade lingüística diminúe o potencial adaptativo da nosa especie, porque diminúe as fontes de coñecemento das que bebemos. Para cada un dos falantes é unha perda significativa, porque a súa historia persoal esvaécese; pero esta perda ten ademais un efecto indirecto sobre cada persoa.

Ao fío disto sitúase a relación entre linguaxe e realidade: cada lingua é unha manifestación única dunha visión do mundo, un prodixio do enxeño humano que determina a maneira como conceptualizamos a realidade e o tipo de interaccións que mantemos co mundo. Nesta concepción, a linguaxe actúa como unha lente a través da cal percibimos a realidade, non é un simple instrumento para a expresión do pensamento senón a ferramenta mesma por medio da cal somos capaces de pensar como o facemos. E é evidente que unha pluralidade de puntos de vista (ou visións do mundo) enriquece a humanidade no seu conxunto.

A desaparición masiva das linguas é o maior reto que debe afrontar a lingüística na actualidade, até o punto de se facer necesario un cambio de paradigma. Como apunta C. Álvarez Cáccamo (1994), o discurso biolingüístico, imperante desde os traballos de E. Haugen na década de 1970, resulta na desaxentización do papel humano nos feitos da lingua, de maneira que cómpre un modelo ecolingüístico que recupere a axencialidade humana. Esta mudanza leva a responsabilidade da morte das linguas aos seres humanos e concibe como posíbel unha reversión do proceso, fronte á naturalidade do mesmo que se desprende do modelo biolingüístico.

O galego, aínda que en perigo de desaparecer, é unha privilexiada dentro das linguas minorizadas, pola amplitude funcional que alcanzou nas últimas décadas e polos mecanismos de produción e reprodución do saber lingüístico con que conta. Podería pensarse que a nosa situación fai moi permeábel a lingüística galega ao modelo ecolingüístico, mais o certo é que este continúa a ser minoritario. De feito, o problema da desaparición das linguas só existe nalgúns gabinetes e aulas universitarios pois, mesmo

dentro da propia ciencia da linguaxe, o debate arredor da perda da linguodiversidade está lonxe dunha resolución, con posturas que van desde o compromiso total coa conservación das linguas até o inmovilismo compracente coa súa desaparición (*vid.* M. Moreira 2011: §1.4).

En calquera caso, a conta atrás para as linguas do mundo hai tempo que comezou e, aínda que isto supón enormes perdas para as ciencias humanas e para a humanidade en xeral, pouco se ten feito.

Ollarmos cara á linguodiversidade á hora de facer gramática, mesmo se só nos interesa a descrición dunha única variedade, é máis unha maneira de combater a homoxeneización e reclamar a importancia e igualdade de todas as linguas. Por outra banda, tal escolla levaranos a un coñecemento máis sólido da facultade humana da linguaxe, e isto é o que tentaremos demostrar nas páxinas que seguen.

2. O poder heurístico da opción interlingüística

Facer deducións sobre universais lingüísticos a partir dunha única lingua pode levar a importantes erros. Pola contra, procurar xeneralizacións interlingüísticas serve para delimitar a área en que se pode dar unha lingua humana posíbel.

Podemos ver isto cun exemplo da gramática xerativa⁵: na teoría estándar ampliada, se consideramos X'' como símbolo para distintos tipos de sintagmas, hai unha regra de expansión xeral (independente da lingua concreta) $X'' \rightarrow \text{Espec}_x X'$, isto é, que un sintagma X'' consta de dous constituíntes inmediatos, aqueles que aparecen á dereita da frecha (un núcleo e o seu especificador). Por tanto, se X é un substantivo, Espec_x é un determinante; se X é un verbo, Espec_x é un auxiliar. O que afirma o esquema é que a orde relativa dos elementos (vaia o especificador antes ou despois do núcleo) é sempre a mesma para unha determinada lingua, ou sexa, ou os determinantes preceden os substantivos e os auxiliares os verbos, ou os determinantes seguen os substantivos e os auxiliares os verbos.

Esta hipótese é coherente cos datos do inglés⁶, a partir dos cales se formulou, onde observamos que os determinantes aparecen antes dos substantivos (por exemplo, *the table*, “a mesa”) e os auxiliares diante dos verbos (por exemplo, *must leave*, “ter que marchar”). Mais hai importantes contraexemplos que desbotan a proposta como un universal absoluto (aquele tipo de construción que funciona para todas as linguas). Vallan a este respecto os exemplos do malaio⁷, en que os determinantes seguen o substantivo (por exemplo, *surat itu*, “esa carta”, literalmente “carta esa”) e os auxiliares preceden o verbo (por exemplo, *sedang membaca*, “está lendo”). Mesmo se consideramos a hipótese como unha tendencia (un parámetro en que as distintas linguas adoitan coincidir, aínda que haxa algunha excepción) temos que desbotala como intento de caracterizar a variación interlingüística, pois as linguas en que os determinantes van despois dos substantivos e os auxiliares despois dos verbos son poucas, en canto as linguas con determinantes antes dos nomes e auxiliares despois dos verbos son moitas, como o

⁵ Datos de B. Comrie (1989: 22-26).

⁶ Lingua indoeuropea orixinal de Inglaterra.

⁷ Lingua austronesia falada en Malaisia.

xaponés⁸ (por exemplo, *kono hon*, “este libro”; *aisite iru*, “ama”, literalmente “amando está”).

Esta maneira de proceder non é anecdótica, senón que guiou o labor gramatical até épocas moi recentes. Isto resultou na conformación dun aparato teórico baseado nas características dun conxunto reducido de linguas, moi próximas xeneticamente e por tanto con pouca variedade tipolóxica. É lexítimo, pois, dubidarmos da validez de moitas nocións elaboradas deste xeito se se contrastan cun material empírico máis amplo. Faremos isto cunha das nocións centrais nos estudos gramaticais, o suxeito.

As construcións con suxeito e complemento directo supoñen o núcleo da sintaxe, de modo que os distintos esquemas sintácticos considéranse ben unha redución ben unha ampliación da construción transitiva (*vid. infra* §4.2). E o suxeito ten, neste sentido, unha importancia estratéxica. Mais a verdade é que non temos un criterio invariábel para determinar que sintagma nominal en cada construción de cada lingua exerce esta función sintáctica.

Na gramática tradicional adóitase facer referencia a tres criterios de distinta natureza que, amalgamados, serven para caracterizar o suxeito. Desta maneira, a noción identifícase

- (a) coa entidade de que se predica algo;
- (b) co participante que realiza a acción do verbo; e
- (c) coa unidade lingüística que concorda co verbo.

Convén xebrarmos estas tres dimensións nun marco funcional, distinguindo, respectivamente, a función pragmática de tópico, a función semántica de axente e a función sintáctica de suxeito propiamente dita.

E este último punto é o que xera controversia, porque supón identificar a función sintáctica cos mecanismos que se empregan para marca-la, ou sexa, con elementos materiais, do plano da substancia. Mais é xeralmente admitido que a función sintáctica

⁸ Lingua de difícil filiación xenética (adóitase relacionar co coreano e coas linguas altaicas) falada no Xapón.

pertence ao plano formal, é unha *forma de significante* (G. Rojo 1979) que expresa unha forma de significado (‘axente’, ‘paciente’...) e que se manifesta nunha substancia de significante (concordancia co verbo...). Por tanto, o suxeito é unha relación constitutiva parte-todo que reflexa unha relación semántica establecida entre o significado individual dun certo elemento e o significado total do enunciado.

Consideralo doutra maneira levaríanos a chamar suxeito a unha serie de mecanismos de marcaxe que varían dunha lingua a outra, pois pertencen ao plano substancial. E o certo é que a gramática tradicional decantouse por esta última opción, identificando o suxeito co caso nominativo no latín, coa concordancia verbal no galego ou cunha orde de palabras concreta no inglés. As evidencias que achegan outras linguas levan a cuestionar a validez desta consideración e a atender a factores de maior alcance, como o reparto de marcas, que elevan o nivel de abstracción (T. Moure 1995, 1999). Vexamos o seguinte exemplo do chukchi⁹:

- | | | | |
|-----|-------------------------------|---|---|
| (1) | a. $\gamma\partial m$ | $t\partial$ - $y\partial t$ - $\gamma\partial ek$. | |
| | Eu-ABSOLUTIVO | p^1 -vir | |
| | “Eu vin” | | |
| | b. $\gamma\partial m$ - nam | $y\partial t$ | $t\partial$ - $l\partial u$ - $y\partial t$ |
| | Eu-ERGATIVO | ti-ABSOLUTIVO | p^1 -ver- p^2 |
| | “Eu vinte” | | |

Na versión galega dos dous exemplos, unha oración intransitiva (1a) e outra transitiva (1b), temos o nominativo *eu* en función de suxeito, mentres que o complemento directo da transitiva é exercido polo acusativo *te*, unha distribución que, polo menos no caso dos pronomes, está ancorada na morfoloxía. Como en galego, temos en chukchi dous casos morfolóxicos empregados nas tres frases nominais, mais o seu reparto é ben diferente: empregouse o caso absoluto ($\gamma\partial m$) como equivalente do *eu* do galego en (1a), utilizouse o ergativo ($\gamma\partial m$ - nam) para o *eu* de (1b) e botouse man outra vez do absoluto ($y\partial t$) para o *te* galego de (1b).

⁹ Lingua da familia chucotco-camchatca, falada no nordeste de Siberia. Datos de B. Comrie (1989: 153).

Parece difícil, a primeira vista, encontrar unha noción de suxeito que encaixe tanto para o galego como para o chukchi. Mais se empregamos un conxunto de termos neutrais para ambas as linguas podemos pór orde neste aparente caos. Xeralmente emprégase o seguinte: represéntase mediante S o único argumento da construción intransitiva; na construción transitiva, para evitar a circularidade, non se emprega S para ningún dos participantes, senón A para o primeiro (tipicamente axente) e P para o segundo (tipicamente paciente). A pesar do seu carácter mnemotécnico, as etiquetas non deixan de ser arbitrarias e permítennos abstraernos das funcións semánticas de axente e paciente e así continuarmos a traballar cando saímos do marco da transitividade prototípica (cando A non é axente e/ou P non é paciente). A e P son termos sintácticos cuxos prototipos se definen en termos semánticos.

Desta maneira, podemos deducir dous esquemas sintácticos, tendo en conta o modo de marcar e agrupar os distintos participantes¹⁰: a primeira opción é identificar S con P, reservando unha marca específica para A, aliñamento que se coñece co nome de ergatividade (chukchi); a segunda opción é equiparar S e A, reservando unha expresión exclusiva para P, esquema coñecido como acusatividade (galego). En ambos os casos, o termo non marcado correspóndese con S.




Figura 1: aliñamentos sintácticos.

O certo é que esta maneira de marcar os argumentos leva as linguas acusativas a diferenciar os pacientes e a tratar participantes de natureza moi distinta do mesmo modo, confundíndoos baixo a etiqueta de suxeito:

¹⁰ En realidade, os sistemas loxicamente posíbeis son cinco, mais os de maior difusión son aqueles que identifican S con algún dos participantes da construción transitiva, por claros motivos funcionais (B. Comrie 1989: 181-182).

(2) a. *María*_[S] *ten medo*. S = EXPERIMENTADOR

b. *María*_[A] *escribiu un libro*_[P]. A = AXENTE, P = PACIENTE

Tanto S como A reciben unha mesma marca, a concordancia verbal, e exercen unha mesma función, a de suxeito, aínda que representan roles semánticos diferentes: en (2a), o primeiro argumento está afectado pola actividade do verbo e non a controla; en (2b), é unha entidade non afectada que exerce voluntariamente a acción verbal sobre un paciente inanimado. Os trazos semánticos dos participantes inclinarían a identificar o experimentador co paciente, por estaren ambos afectados pola acción do verbo e non ter control sobre ela, mais a sintaxe descansa sobre outras motivacións e ocúltanos, baixo unha mesma aparencia, as grandes diferenzas que existen entre os participantes. Algo semellante acontece cos absolutivos das linguas ergativas, que agrupan participantes variados, fronte ao ergativo, que se identifica co axente.

Tiramos do anterior que as linguas ergativas establecen a súa sintaxe arredor da distinción *axente/non-axente*, en canto as acusativas fan o propio con base na oposición *paciente/non-paciente* (T. Moure 1995)¹¹. Polo tanto, o que diferencia os dous padróns é o tratamento da zona de indefinición coñecida como S, que se pode ver como axente atípico (identificando S con A, linguas acusativas) ou como paciente atípico (identificando S con P, linguas ergativas). A razón disto é que os aliñamentos sintácticos son establecidos sobre o padrón da transitividade prototípica e acaban estendéndose máis alá desta súa motivación orixinaria. Trátase, no fin de contas, de distintos procesos de gramaticalización de funcións semánticas.

A función de suxeito revélase, segundo o visto, como o resultado de aliñar S e A baixo unha mesma etiqueta, concedéndolles un mesmo tratamento morfolóxico e sintáctico e opóndoos ao participante P, o termo marcado. É só unha das opcións posíbeis de organizar os primitivos sintácticos. Parece, entón, que tal noción é pertinente para as linguas

¹¹ A este respecto, sinala a autora (1995: 403-404) que, en canto a oposición semántica que rexe para a ergatividade (*axente/non-axente*) é esperábel, a que artella a acusatividade (*paciente/non-paciente*) é, *a priori*, menos relevante do punto de vista semántico e hai que procurar as súas motivacións na estrutura informativa da predicación, pois os suxeitos transitivos son máis propensos ao papel de tópico, punto en que coinciden cos participantes únicos das construcións intransitivas.

acusativas, podendo non ser relevante para outras, como as ergativas, que teñen un comportamento distinto.

Traballarmos unicamente coa nosa lingua nativa (e con outras tipoloxicamente próximas) fai difícil que advirtamos a variedade que caracteriza os distintos participantes que se agochan baixo a función de suxeito: as diferenzas quedan diluídas pola súa identidade substancial. Só o recurso a linguas con estruturas diferentes deita a luz necesaria para enxergar os problemas de caracterización das funcións sintácticas máis importantes.

Non se debe desprender do anterior que o problema está resolto. En realidade, meramente insinuado. O suxeito é unha noción complexa e de enorme relevancia na teoría sintáctica, e aquí non pretendemos ser exhaustivos (por exemplo, na caracterización desta función interveñen factores pragmáticos, que non foron tratados). Alén disto, tal propósito excede en gran medida as nosas capacidades.

Por outra banda, cómpre aclararmos que as linguas non se comportan homoxeneamente a respecto do aliñamento sintáctico, isto é, non se mostran como puramente acusativas ou puramente ergativas, senón que poden presentar distintos graos destas propiedades. Da mesma maneira, a noción de suxeito admite a gradualidade, sendo máis aplicábel a unhas linguas que a outras ou a determinadas construcións dunha lingua que a outras.

Máis que clasificar as linguas en ergativas ou acusativas, deberíamos preguntarnos en que grao e en que construcións se achega unha lingua a un tipo ou a outro. Noutras palabras, cando opera a sintaxe dunha lingua sobre unha base ergativo-absolutiva e cando sobre unha base nominativo-acusativa.

Por exemplo, o *dyirbal*¹² presenta un comportamento predominantemente ergativo, mais os pronomes persoais están dominados polo aliñamento acusativo. Lonxe de se tratar dun fenómeno aleatorio, este comportamento ten as súas bases na xerarquía de animación, que goberna un número amplo de operacións sintácticas¹³, alén de fornecer unha

¹² Lingua australiana (familia pama-nyungana) falada no nordeste de Queensland. Datos de B. Comrie (1989: 164-166).

¹³ Por exemplo, F. A. Cidrás (2006) basea a súa explicación da marcaxe coa preposición *a* do complemento directo en galego nesta xerarquía (*vid. infra* §4.4).

explicación de tipo cognitivo.

Cómpre remarcarmos a importancia destas consideracións, principalmente en dúas direccións. Por unha parte, admitirmos a gradualidade non se debe ver como a aceptación dun modelo teórico impreciso, antes ben todo o contrario: aplicando unha lóxica non-discreta estamos a refinar a teoría, que deste modo explica máis fielmente os feitos da lingua. Por outra parte, e en estreita relación co anterior, hai que atender aos principios funcionais e cognitivos que rexen as estruturas lingüísticas, pois son o fundamento de boa parte da gramática.

Ocuparémonos destas cuestións a seguir, procurando achegar material procedente de diversas linguas que dea sustento ás argumentacións.

3. Categorización, prototipos e gramática

O acto de categorización é unha das actividades cognitivas máis básicas dos seres humanos porque a realidade se mostra ante nós como un contínuum de sensacións e experiencias que cómpre delimitar. Mediante este proceso de abstracción apreendemos un elemento individual ou un aspecto concreto da experiencia en tanto que caso particular doutra entidade máis abstracta. Por exemplo, un animal determinado pode conceptualizarse como representante da especie GATO ou un artefacto concreto ser manifestación do xénero VEHÍCULO. Esta construción mental abstracta é o que denominamos categoría conceptual.

O albo de calquera investigación consiste en establecer categorías en que clasificar o universo que constitúe o seu obxecto de estudo e, neste sentido, a categorización lingüística remite a unha tradición discreta, herdeira da lóxica clásica. Así pois, os conceptos da linguaxe (e tamén os da lingüística ou *metalinguaxe*) constrúense como categorías de contornos delimitados, sen puntos de contacto entre si, de modo que as distincións cualitativas son bruscas e as dificultades na asignación de determinados individuos a unha clase son apostas a deficiencias da teoría. Do mesmo xeito, as propiedades que marcan a pertenza á categoría concíbense como necesarias e suficientes. Para ilustrar isto, valla un exemplo clásico como o do campo semántico dos asentos:

	Moble para sentar	Para unha soa persoa	Con respaldo	Con brazos
Cadeira	+	+	+	-
Butaca	+	+	+	+
Tallo	+	+	-	(-)
Sofá	+	-	(+)	(+)

Figura 2: campo semántico dos asentos.

Nesta perspectiva, o significado das unidades lingüísticas é analizábel en unidades menores (semas) que opoñen o elemento en cuestión a outros pertencentes ao mesmo campo (o cal se define por un conxunto determinado de semas).

O primeiro que cómpre apuntarmos é que unha definición deste estilo non constitúe unha descrición exhaustiva do elemento que pretende caracterizar nin do seu lugar no mundo real. Pensemos, como propoñen W. Croft e D. A. Cruse (2008: 110), no coñecemento que cadaquén ten dun michiño e nas sensacións que provoca, fronte á definición [FELINO], [+DOMÉSTICO], [-ADULTO].

En segundo lugar, a aplicabilidade deste tipo de análises redúcese a esferas de estrutura clara ou pouco problemática, como pon de manifesto o coñecido exemplo de *xogo* de L. Wittgenstein (1953: §66-67), que mostra que para algúns conceptos non dispoñemos dunha definición en termos de trazos necesarios e suficientes, senón que a categoría cognitiva é aprehendida asociándoa a algún dos seus exemplares. Neste sentido, é máis efectivo indicar que a mariola ou o xadrez son xogos que procurar unha definición exhaustiva do termo. Diríase que os distintos membros da categoría XOGO só gardan entre si un *parecido de familia*.

Algunhas categorías son graduais canto á pertenza e outras non. Un número é impar ou non o é, non existen máis opcións. Mais se tomamos a categoría PERSONA ALTA hai que admitir a gradación, porque non é posíbel establecer cortes tallantes. No modelo clásico, un exemplar está no conxunto (ten valor de pertenza 1) ou non está (ten valor de pertenza 0), o cal supón afirmar que unha persoa que mide 1'80 m é alta e unha que mide 1'79 m non o é.

Fronte a isto, o matemático L. A. Zadeh (1965), na teoría dos conxuntos difusos, propón admitirmos valores entre o 0 e o 1, de modo que a pertenza dun membro a unha clase se define por unha escala gradual e os límites da categoría adquiren carácter borroso ou difuso. Isto supón recoñecer a vaguidade como posibilidade na categorización.

A vaguidade é un tipo de imprecisión que poderíamos cualificar como obxectiva, isto é, dáse cando as condicións dunha categoría X son imprecisas, e non cando non podemos comprobar o seu cumprimento por falta de datos ou por limitacións da teoría. É un tipo

de imprecisión que non podemos eliminar pois, por moito que refinásemos o noso coñecemento, a complexidade de X non se podería reducir a un molde simple. Trátase dunha *imprecisión epistemoloxicamente irresolúbel* (T. Moure 1994). Un exemplo paradigmático desta noción é a clasificación en bioloxía de certos exemplares a medio camiño entre dúas especies. E as especies non son máis que categorías que nos permiten comprender mellor a natureza continua da cadea evolutiva. En definitiva, o recoñecemento da imprecisión non resta valor á teoría, antes ben refínaa e mellora a súa aplicabilidade á realidade dos feitos.

3.1 Focos e cores

Apuntabamos arriba que o modelo clásico é de difícil aplicación a certos campos. Un bo dominio para exemplificar isto é o dos termos de cor, onde se aprecia con claridade o carácter continuo da realidade e a necesidade de a categorizar. A investigación na terminoloxía das cores centrouse na gama do espectro cromático que cada termo cobre nunha lingua concreta. A comparación entre linguas resulta, así, nunha absoluta falta de coincidencia.

En hanunoo¹⁴ existen catro nomes básicos de cores: *(ma)lagti?* cobre o galego *branco*, mais tamén outros tons claros que en galego serían asignados a outro termo de cor; *(ma)biru* cobre *negro* e, como no caso anterior, outros tons escuros doutras cores; *(ma)rara?* cobre, aproximadamente, os galegos *vermello*, *laranxa* e *granate*; por último, *(ma)latuy* correspóndese, a trazos grosos, con *amarelo* e os tons máis claros de *verde* e *marrón*.

Esta maneira de estudar os sistemas de cores non parece adecuada porque, mesmo nunha soa lingua, hai ocasións en que as persoas nativas non concordan á hora de establecer con exactitude os límites entre cores adxacentes. Polo contrario, se se atende aos termos básicos, o acordo é seguramente moito maior. Así o demostran B. Berlin e P. Kay (1969) nun estudo baseado en evidencias de máis de cen linguas. No canto de preguntar polos límites entre as cores, os autores levan a atención ao foco dos termos de cor, ou sexa, preguntan polo referente máis típico do termo. De aí xorde un padrón claro: mesmo cando

¹⁴ Lingua austronesia falada no sur das Filipinas. Datos procedentes de B. Comrie (1989: 62-63).

os límites das categorías de cor son moi diferentes entre as linguas (como en hanunoo e galego), existe acordo no tocante aos exemplares focais: o foco de *(ma)lagti?* é o mesmo que o de *branco*; o de *(ma)biru*, o mesmo que o de *negro*; os focos son os mesmos para *(ma)rara?* e *vermello*; os mesmos tamén para *(ma)latuy* e *verde*.

Por outra banda, o estudo dun número tan amplo de linguas permitiu observar a existencia dunha xerarquía neste sistema terminolóxico: as linguas que posúen termos de cor teñen como mínimo dous elementos, correspondentes a *branco* e *negro*; se posúen tres termos, o terceiro será o equivalente de *vermello*; o cuarto e o quinto serán os correlatos de *amarelo* ou de *verde* (se posúen catro será calquera dos dous); un sistema de seis cores incluirá *azul*; e un de sete cores *marrón*; nun último estadio, engádense *púrpura*, *rosa*, *laranxa* e/ou *gris*. O diagrama seguinte resúmeo mellor:




Figura 3: xerarquía dos termos de cor.

Trátase dunha xerarquía implicativa que permite afirmar que a aparición dun determinado termo nunha lingua supón a existencia na mesma dos elementos que están á súa esquerda. Por exemplo, se unha lingua posúe un termo con foco azul, tamén existirán nesa lingua os termos focais para verde, amarelo, vermello, branco e negro.

As conclusións que para a teoría lingüística se poden tirar deste estudo son principalmente dúas: por unha parte, as estruturas lingüísticas están (moitas veces) determinadas por estruturas cognitivas, neste caso a percepción humana das cores; por outra parte, as nosas categorizacións non teñen que ser necesariamente tallantes, senón que poden existir elementos focais ben definidos e zonas difusas nos límites categoriais, formulación coherente coa teoría dos conxuntos difusos.

3.2 A teoría dos prototipos

Será E. H. Rosch (1973) quen, desde a psicoloxía, formule as bases deste tipo de conceptualización, dando lugar á teoría dos prototipos. Se na versión clásica os membros dunha categoría posuían o mesmo rango, xerando clases uniformes, na teoría dos prototipos as categorías adquiren certa organización interna, cun foco ocupado polos exemplares máis representativos e unha periferia onde a heteroxeneidade é maior.

Non se trata de que os individuos dunha categoría poidan ser agora prototípicos, periféricos ou non pertencentes á clase (o cal sería un simple remendo da categorización binaria clásica), senón que os membros ordénanse pola súa semellanza co exemplar que actúa como foco, dando lugar a unha *centralidade gradual* (W. Croft e D. A. Cruse 2008: §3.3.1). Por outra banda, aínda que os prototipos supoñen unha alternativa ao manexo de trazos necesarios e suficientes, adoitan existir propiedades definitorias da clase, que son reunidas polo seu exemplar máis representativo. A mudanza pasa por aceptar que ningunha propiedade en concreto será obrigatoria para determinar a pertenza e que unha única diferenza non pode sustentar oposicións ríxidas entre exemplares. Ademais, o peso que se concede a cada propiedade definitoria na confección da categoría non é o mesmo. En definitiva, a pertenza e representatividade dos distintos exemplares non se mide tanto na satisfacción dunha serie de trazos canto na similitude perceptiva co mellor representante da categoría, o prototipo. Obsérvese o seguinte exemplo sobre a clase VEHÍCULO:




Figura 4: clases prototípicas.

A categoría artículase desde o centro, onde se sitúan os exemplares que mellor a representan (*ambulancia*), e vaise expandindo cara ás marxes, onde atopamos elementos que se afastan do prototipo e se achegan aos límites do conxunto (*carro de combate*). Desta maneira, a categoría chega a albergar membros orixinalmente ausentes na súa caracterización. Como os límites categoriais son difusos, é posíbel o solapamento entre categorías, de maneira que o exemplar *patinete*, situado na marxe de VEHÍCULO (e de dubidosa filiación a esta clase) está tamén comprendido dentro doutro conxunto, o de XOGUETE, onde o seu status pode ser diferente. Por último, o elemento *zapato* non garda ningún tipo de semellanza co prototipo categorial da clase en cuestión e cae fóra dela.

Non se debe pensar que marcos teóricos como os conxuntos difusos ou a teoría dos prototipos desprazan a categorización discreta, en realidade inclúena como unha posibilidade: existiría unha gradación entre as clases de fronteiras pouco claras (conxuntos difusos) e as clases de límites precisos (conxuntos definidos). De feito, podemos considerar estas últimas como unha manifestación particular das primeiras. Co recoñecemento da continuidade na categorización conseguimos maior xeneralidade e unha aplicabilidade máis ampla dos conceptos.

3.3 Prototipos e clases de palabras: o caso do adxectivo

A existencia de exemplares destacados e fronteiras difusas que dan lugar a puntos de contacto entre clases é especialmente notábel nas categorías da linguaxe e da lingüística. No seu traballo sobre o adxectivo, R. M. W. Dixon (2004) considera que este é o caso para as clases de palabras que, segundo afirma, son comúns a todas as linguas humanas: substantivos, verbos e adxectivos. Cada unha delas defínese en termos prototípicos en dúas dimensións: unha semántica ou conceptual e outra sintáctica ou de función gramatical.

Un determinado concepto pode remitir a diferentes clases de palabras segundo as linguas. Por exemplo, a idea ‘necesidade de comer’ (R. M. W. Dixon 2004: 2) exprésase

co adxectivo *ɲamir* en dyirbal,

cos substantivos *fame* en galego ou *hunger* en inglés,

cos verbos *ēsūrĭo* en latín¹⁵ ou *fimi* en jarawara¹⁶.

Repárese en que só se teñen en conta as raíces léxicas simples, non as derivadas como os adxectivos *famenta/o* (galego) ou *ēsūrĭens* (latín). Isto é relevante porque nalgúñas linguas pode haber un número limitado de raíces simples na clase dos adxectivos, que se pode ampliar case indefinidamente mediante derivacións de base substantiva ou verbal.

De maneira análoga ao que acontecía cos termos de cor, as linguas estenden de maneira particular as fronteiras das súas clases de palabras: non imos encontrar coincidencia exacta no seu significado nin na súa función sintáctica cando as comparemos. Mais si encontraremos un núcleo semántico e un núcleo sintáctico comúns.

Algúns tipos semánticos asócianse de maneira prototípica cunha determinada clase de palabras. Os substantivos líganse a referentes concretos e isto inclúe, prototipicamente, os tipos semánticos HUMANIDADE (*rapaz, muller*), PARTES DO CORPO (*ollo, man*), FLORA (*árbore, folla*), FAUNA (*can, paxaro*), MUNDO CELESTIAL (*sol, lúa*), MEDIO (*auga, fraga*) e ARTEFACTOS (*casa, coitelo*). Ademais, cada lingua inclúe outras clases semánticas non-prototípicas, como en galego son os estados mentais (*medo, morriña*), os estados físicos (*dor*) ou as actividades (*xogo, guerra*), entre outras. Estas últimas poderían codificarse noutras linguas como verbos ou adxectivos, dado o seu carácter periférico.

A clase dos verbos ten como prototipo, no plano semántico, os contidos MOVEMENTO (*correr, tirar*), REPOUSO (*sentar, colgar*), AFECCIÓN (*queimar, construír*), DACIÓN (*dar, ofrecer*), ATENCIÓN (*ver, escoitar*) e FALA (*dicir, falar*). Para os verbos do galego tamén se inclúen tipos como tempo meteorolóxico (*chover*) ou gusto (*preferir*), que poderían corresponder a adxectivos ou substantivos noutras linguas.

O contido prototípico da clase adxectiva comprende TAMAÑO (*grande, pequena, longo, curto, alto*), IDADE (*novo, vella*), VALOR (*boa, malo, atroz, perfecto*) e COR (*branco, negro, vermello*)¹⁷. Existen outros contidos tipicamente asociados ao adxectivo para

¹⁵ Lingua indoeuropea falada na antiga Roma.

¹⁶ Lingua da familia arawana falada no Amazonas.

¹⁷ O igbo (atlántico-congo) posúe un inventario de só oito adxectivos, distribuídos en pares opositivos nestes catro tipos, evidencia da centralidade de tales contidos semánticos (R. M. W. Dixon 2004: 4).

aqueles linguas que teñen inventarios medios e grandes desta clase de palabras, como PROPIEDAD FÍSICA (*duro, brando*), VELOCIDADE (*rápido, lento*), PROPENSIÓN HUMANA (*feliz, cruel*), entre outras.

A caracterización sintáctica das clases de palabras é, en principio, algo máis concisa: o substantivo ten como función gramatical focal a de núcleo da frase nominal, que pode funcionar como argumento dun predicado; o prototipo sintáctico do verbo identifícase co núcleo do predicado; e o adxectivo ten, segundo R. M. W. Dixon (2004), dúas funcións sintácticas prototípicas que explicamos a continuación.

En primeiro lugar, o adxectivo pode funcionar como modificador da frase nominal, contribuíndo á identificación do referente da mesma, como en *O rapaz louro sorriu*. En segundo lugar, o adxectivo pode servir para atribuír propiedades a unha entidade, como en *O rapaz louro é alto*.

Para R. M. W. Dixon (2004) é importante a distinción entre predicados intransitivos onde o adxectivo é o núcleo do predicado e construcións copulativas en que funciona como atributo; cos seus propios exemplos (2004: 7):

(3) Fijiano¹⁸:

<i>e balavu</i>	<i>a</i>	<i>tama-qu</i>	PREDICADO INTRANSITIVO
P ³ alto	ARTIGO	pai-P ¹ -POSUIDOR	

(4) Inglés:

<i>My father is tall</i>	CONSTRUCCIÓN COPULATIVA
--------------------------	-------------------------

Para nós non existe tal diferenza pois consideramos, na liña de S. C. Dik (1980), que as construcións chamadas copulativas son, na realidade, de predicador non-verbal: en *O meu pai é alto* (e nos seus correspondentes en fijiano e inglés), o que se predica do suxeito é a súa altura, non a súa existencia. A aparición do verbo é necesaria por servir de soporte para propiedades gramaticais de relevancia no estado de cousas (tempo, modo,

¹⁸ Lingua austronesia falada nas illas Fiji.

evidencialidade...) e que o adxectivo de certas linguas (entre elas o galego e o inglés) non pode conter. Mais a presenza dun verbo (sen valor semántico, nótese) non debe impedir reparar en que o papel organizador da predicación é exercido polo adxectivo, que supón o núcleo semántico do enunciado.

Se admitimos que as clases de palabras non son ríxidas senón continuas e que é posíbel que haxa puntos de contacto entre elas é lóxico supor que, se ben nunhas linguas o adxectivo precisa do apoio do verbo para exercer de predicador, noutras linguas esta clase de palabras si poida soportar as categorías tipicamente verbais¹⁹. Xusto isto acontece en tariano²⁰:

- (5) a. *ñamu hanu-ite di-dia-pidana.*
demo grande-ANIMADO P3.NON.FEM-facerse-PAS.REM:RELATADO
“Disque o demo se fixo grande”
- b. *ñamu hanu-ite-pidana.*
demo grande-ANIMADO-PASADO.REMOTO:RELATADO
“Disque o demo era grande”

Os verbos (e adxectivos) do tariano presentan a propiedade evidencialidade, que fai referencia á fiabilidade e procedencia da información que se ofrece (o sufixo *-pidana* dos exemplos expresa este valor, ademais de tempo). O galego non dispón dun mecanismo gramatical para tal fin, mais sen dúbida pode codificar este tipo de datos mediante outros medios, como o emprego de adverbios (*disque*) ou outras estratexias (*contábase que...*).

En (5a) o núcleo do predicado é un verbo (*dia*), que toma o sufixo que lle corresponde a

¹⁹ Cabería outra opción en que o adxectivo, a pesar de non poder sustentar as propiedades que se atribúen aos verbos, non exixa a presenza dun apoio verbal que sirva de soporte de tales propiedades. Un coñecido exemplo de lingua que presenta este comportamento é o latín.

²⁰ Lingua da familia arawak falada na fronteira entre o Brasil e Colombia. Datos do propio R. M. W. Dixon (2004: 6).

esta clase (*-pidana*), mentres que o adxectivo (*hanu*) presenta o sufixo da clase dos substantivos animados (*-ite*) que é propio desta categoría de palabras. Fronte a isto, en (5b) o adxectivo *hanu* é o núcleo do predicado e toma o sufixo de tempo-evidencialidade que tiña o verbo en (5a), como corresponde á función predicativa que exerce.

Este tipo de comportamento é indicativo do carácter continuo das clases de palabras: unha fronteira ríxida entre verbos e adxectivos é cuestionada polos datos do tariano, lingua en que ambas as clases poden exercer a mesma función sintáctica e tomar os mesmos morfemas gramaticais. Feitos que, por outra banda, non empecen unha distinción clara se se atende aos trazos prototípicos de cada categoría.

En resumo, consideramos que o adxectivo ten como función sintáctica nuclear a de modificador da frase nominal. Porén, a natureza gradual das clases de palabras permite que o adxectivo exerza outras funcións como a predicativa, propia dos verbos, comportamento que tamén se observa nos substantivos²¹. Ora ben, os predicados formados a partir de adxectivos e substantivos correspóndense con estruturas de atribución de propiedades e non denotan eventos dinámicos, función esta última propiamente verbal.

A partir dunha caracterización en termos prototípicos como esta, explícanse os usos anómalos do adxectivo como resultado da expansión do núcleo categorial. Un exemplo desta desviación é a modificación de verbos no canto da de substantivos, observada por R. M. W. Dixon (2004: 11) para o inglés coloquial de América *–He speaks (real) bad–*, comportamento que contrasta co do inglés británico *–He speaks (really) badly–*.

Os adxectivos das linguas europeas presentan, en xeral, unha morfoloxía coincidente coa dos substantivos (xénero e número no caso do galego). Isto levou a que nos primeiros tratados gramaticais, baseados no grego e no latín, non se fixesen distincións entre adxectivos e substantivos, que caían na categoría dos nomes²². Haberá que agardar até o século XIV para que Tomé de Erfurt apunte un criterio que permita distinguir substantivos

²¹ Pénsese a este respecto no papel do substantivo nunha oración como *María é avogada*.

²² Sorprende que na actualidade aínda se manteña tal criterio nalgúns gramáticas, como a do galego de X. R. Freixeiro Mato (2000), que se refire ao “nome substantivo” e ao “nome adxectivo”.

de adxectivos nas linguas europeas (R. H. Robins 1990: 95): se nos primeiros o xénero é unha propiedade inherente (determinada lexicamente), nos segundos é unha propiedade de concordancia (determinada polo núcleo da frase, o substantivo). Deste xeito, a existencia dunha clase diferenciada de adxectivos en calquera lingua quedou ligada á existencia de xénero na mesma. Se non hai xénero, non hai adxectivos como categoría separada.

A este respecto, R. M. W. Dixon (2004: 14) indica a resistencia que existe a falar de adxectivos nunha lingua cando estes se comportan de maneira máis parecida aos verbos que aos substantivos, como é o caso das linguas oceánicas. Nesta tradición lingüística, cuñouse a etiqueta “verbos estativos”, detrás da cal se agocha o que na realidade son adxectivos.

No mesmo volume que o artigo de R. M. W. Dixon, C. Genetti e K. Hildebrandt (2004) ocúpanse dos adxectivos do manang²³ e distinguen dous tipos: os “adxectivos” e os “adxectivos verbais” (*adjectives* e *verb-like adjectives* no orixinal, respectivamente). Os primeiros parécense aos adxectivos das linguas europeas, ao paso que os segundos toman algún trazo tipicamente verbal, como acontecía en tariano –serie (5)–. Se se manexase unha visión non-eurocéntrica, o primeiro tipo perfectamente podería ser denominado cunha etiqueta como “adxectivos nominais”. Neste sentido, o adxectivo verbal xorde como unha anomalía cando se constrúe a teoría gramatical sen facer o esforzo de se librar do que resulta máis familiar (Sapir 2010: 144):

[...] se queremos entender modos de expresión fundamentalmente diferentes dos nosos, a análise destrutiva do familiar é o único método de aproximación. [...] Non todo o que é “extravagante” é intrinsecamente ilóxico ou forzado. Moitas veces é xusto o máis familiar o que visto dende unha perspectiva máis ampla se nos mostrará como unha excepcional curiosidade.

Os gramáticos clásicos basearon as súas propostas para as clases de palabras na morfoloxía do grego e do latín e os nosos gramáticos tradicionais tomaron esas clasificacións para establecer as clases de palabras nas súas linguas. Neste caso, o desastre non foi maiúsculo porque grego e latín comparten unha importante base gramatical coas nosas linguas, consecuencia dunha orixe indoeuropea común. Mais se

²³ Lingua sino-tibetana falada no Nepal.

intentamos aplicar esta clasificación morfolóxica a nivel interlingüístico observaremos profundas limitacións en tal maneira de actuar. Nesta ocasión, o prexuízo consistía en crer que se unha lingua posúe adxectivos, estes deben ser semellantes aos adxectivos das linguas europeas. Na base disto está unha maneira de proceder que vai do concreto ao xeral e que supón o contrapunto das ideas aquí defendidas: o coñecemento da variación interlingüística debe ser previo á descrición dunha lingua particular, que se beneficiará de conceptos amplos e sólidos.

4. Os complementos directos do galego á luz da linguodiversidade

A caracterización dunha función sintáctica é unha tarefa difícil porque adoita participar dun amplo número de construcións, e isto supón moita variedade nos seus usos e na súa codificación (sobre todo cando se trata das máis básicas, como o suxeito ou o complemento directo). De aquí resulta que, moitas veces, as descrições que atopamos nas gramáticas, subordinadas a obxectivos prescritivos, están realizadas moi a rentes dos feitos que se pretende explicar e acaban por ser extensas casuísticas organizadas sobre criterios e regras de distinta natureza e alcance. Neste panorama, a multiplicidade de variantes é un estorbo para a prescrición, que parece verse obrigada a tomar partido por unha das solucións e rexeitar as restantes como espurias ou incorrectas.

Esa variación que molesta ao gramático interesa á lingüista porque ofrece un material que permite avanzar no coñecemento da lingua e da linguaxe. Describir un fenómeno gramatical consiste en explicar o seu funcionamento, non en compendiar como e en que contextos varían as súas manifestacións. Trátase de dar a coñecer as pautas que determinan a variación, no canto de a concibir como azarosa e limitarse a organizar unha serie de datos. Unha teoría de calquera fenómeno lingüístico debe atender aqueles casos que se desvían do padrón, se aspira a dar unha explicación sólida e íntegra do mesmo.

Neste sentido, os complementos directos (CD de agora en diante) marcados con preposición das linguas románicas supoñen un interesante obxecto de estudo. A marcaxe con preposición *a* adoita ser a máis referida nas gramáticas, mais o galego tamén codifica o CD mediante outras preposicións (*en, con, de, por*). Lonxe de querer situar este fenómeno nun lugar emblemático dentro da sintaxe da lingua, que acabaría por se identificar cunha serie de trazos idiosincráticos (colocación dos clíticos, uso do infinitivo conxugado...) seleccionados polo seu valor identitario a respecto de linguas próximas, pretendemos achegarnos a este fenómeno no que ten de valioso para a caracterización da noción de CD e polas conexións que permite establecer con principios xerais que rexen a sintaxe das linguas. Non queremos dicir con isto que haxa que renunciar a conservar as estruturas de noso senón, simplemente, que a descripción gramatical debe ter en conta o peso dun elemento no sistema lingüístico e non a visibilidade que posúe no estándar.

4.1 O CD nas gramáticas do galego

A definición tradicional do CD insiste na identificación deste constituínte coa entidade que recibe a acción do verbo: “Indica quen ou que cousa soporta a acción verbal, isto é, sobre quen ou sobre que recae tal acción, sen a protagonizar” (X. R. Freixeiro Mato 2006: 630); “[...] normalmente indica a entidade que é afectada ou efectuada polo proceso verbal” (R. Álvarez e X. Xove 2002: 93). Isto é certo para moitos casos, como os que seguen:

- (6) a. *O can morde o óso.*
- b. *A rapaza escribiu un libro.*

Mais danse CD que non designan verdadeiras entidades (7) ou que non se ven afectados pola acción verbal (8) ou que participan de eventos que non son accións (9):

- (7) a. *Xavier percibiu a súa tristeza.*
- b. *A rapaza obtivo a oportunidade que desexaba.*

- (8) a. *María perdeu o avión.*
- b. *Xoana abandonou a cidade.*

- (9) a. *O novo edificio ocupa a antiga praza.*
- b. *O neno quere o seu can.*

Esta dificultade á hora de cadrar a definición coas evidencias lingüísticas pode explicar a preferencia das gramáticas por recoller contextos de uso e criterios de identificación, en prexuízo dos intentos de achar a definición que explique tanta aparente variedade. Polo xeral, atopamos un par de liñas dedicadas a caracterizar (insuficientemente) o concepto de CD e o resto de páxinas a describir as súas propiedades formais (posposición ao verbo, pronominalización, ausencia/presenza de preposicións, unidades que poden funcionar como tal, etc.). Parece que as funcións sintácticas pódense identificar mais non definir.

A gramática de X. R. Freixeiro Mato (2006: 630-639) trata extensamente a marcaxe con preposición *a* do CD, que ocupa case toda a sección dedicada a esta función sintáctica. Obsérvase a conxunción de criterios descritivos elevados e abstractos, que apuntan na dirección dunha boa explicación do fenómeno, con outros moito máis apegados aos feitos da lingua, que deitan máis sombras que luces. O resultado é un aparato de regras ou casos pouco organizado que acaba por crear unha imaxe de caos: acaso é posíbel que a marcaxe dependa da orde dos constituíntes e ao mesmo tempo de se o CD é *Deus* ou *mamá* ou de se o verbo é *chamar* seguido de predicativo ou *mandar* co significado de ‘enviar’ ou de se expresa sentimentos, como *amar*? Mellor, constitúe isto unha verdadeira explicación do fenómeno estudado? Un sistema tan complexo e inexacto dificilmente pode ser acertado.

Algo semellante acontece en R. Álvarez e X. Xove (2002: 98-100) no referido á marcaxe do CD mediante outras preposicións. Apuntan que o uso de *en* supón que a acción verbal non chega a se completar, que *de* con substantivos continuos indica porción indeterminada dunha materia ou que *con* engade significado aspectual de celeridade. Mais as cuestións fundamentais continúan sen resposta: que tipo de significados se indican coa preposición? Por que eses significados son relevantes e é necesario marcalos? Que significa marcar algo en gramática?

4.2 A transitividade como propiedade non-discreta

Con frecuencia, a transitividade asóciase ao réxime verbal, de maneira que son transitivos aqueles verbos que van acompañados por CD e intransitivos aqueles que non. Nun traballo xa clásico, P. Hopper e S. Thompson (1980) achéganse á noción de transitividade, defendendo que as linguas do mundo reservan un esquema sintáctico básico para a expresión da transferencia dunha actividade dun axente a un paciente. Esta propiedade, a transitividade, está regulada por un feixe de trazos que converxen para dar lugar á súa realización prototípica e que responden ás necesidades discursivas das e dos falantes. Así, a transitividade deixa de ser un accidente verbal determinado polas características léxicas do verbo e convértese nunha propiedade continua con alcance sobre o discurso no seu conxunto.

A transitividade pode ser separada nos seus compoñentes, cada un deles centrado nun

aspecto distinto da propiedade. Expoñemos a seguir estes factores que determinan a efectividade da transferencia entre axente e paciente ou, noutras palabras, o grao de transitividade:

1. **Dous participantes:** non pode haber transferencia real se non hai polo menos dous participantes involucrados. Por iso (10a) é máis transitiva que (10b):

- (10) a. *A rapaza rachou o papel.*
b. *A rapaza marchou.*

2. **Dinamicidade do evento** (*kinesis* no orixinal): as situacións dinámicas, como as accións ou os procesos, permiten a transferencia porque denotan unha transición entre estados, ao paso que estes últimos se manteñen inalterados. De aí que (10a) e (10c) sexan máis transitivas que (10d):

- (10) a. *A rapaza rachou o papel.* ACCIÓN
c. *O papel rachou.* PROCESO
d. *O papel está rachado.* ESTADO

3. **Aspecto:** un evento presentado como culminado e nun límite definido (10a) é máis transitivo que un non completado e sen límites precisos (10e):

- (10) a. *A rapaza rachou o papel.*
e. *A rapaza está tomando un café.*

4. **Puntualidade:** as situacións puntuais (10a), sen unha transición evidente entre o comezo e a fin, transfírense máis efectivamente que as que se desenvolven ao longo do tempo (10f):

- (10) a. *A rapaza rachou o papel.*
f. *A rapaza cantaba panxoliñas.*

5. **Volicionalidade:** o efecto da transferencia no paciente é máis patente cando a entidade desencadeante actúa conscientemente e de maneira intencionada. En consecuencia, (10a) é máis transitiva que (10g):

- (10) a. *A rapaza rachou o papel.*
g. *A rapaza esqueceu a canción.*

6. **Polaridade** (*affirmation* no orixinal): os enunciados afirmativos supoñen que a transferencia tivo lugar, os negativos expresan que non foi efectiva. Por tanto, (10a) ten un grao de transitividade maior que (10h):

- (10) a. *A rapaza rachou o papel.*
h. *A rapaza non rachou o papel.*

7. **Modo**: o contido modal ‘realidade’ indica que a transferencia é efectiva; os contidos de non-realidade (‘incerteza’ e ‘irrealidade’) presentan a transferencia como dubidosa ou non efectiva:

- | | |
|--|-------------|
| (10) a. <i>A rapaza rachou o papel.</i> | REALIDADE |
| i. <i>Quizais a rapaza rache o papel.</i> | INCERTEZA |
| l. <i>Non creo que a rapaza rachase o papel.</i> | IRREALIDADE |

8. **Axentividade**: un primeiro argumento cunha elevada animación ten maior capacidade para garantir a transferencia. Por iso (10a) é máis transitiva que (10m):

- (10) a. *A rapaza rachou o papel.*
m. *O vento rachou o papel.*

9. **Inidivución do obxecto**: un paciente ben individuado pode verse máis directamente afectado polo evento que un pouco individuado ou non individualizábel. Así, (10a) é máis transitiva que (10n):

- (10) a. *A rapaza rachou o papel.*
n. *A rapaza rachou papel.*

10. **Afección do obxecto**: a transferencia é máis efectiva cando o paciente está altamente afectado polo evento que cando a afección é parcial. Por esta razón, consideramos (10a) máis transitiva que (10o):

- (10) a. *A rapaza rachou o papel.*
o. *A rapaza rachou parte do papel.*

A consideración conxunta destes trazos en emisións concretas permite caracterizar os enunciados como máis ou menos transitivos. Tomemos dous dos exemplos anteriores:

- (11) a. *A rapaza rachou o papel.*
b. *A rapaza está tomando un café.*

O primeiro, (11a), presenta dous participantes, dinamicidade, aspecto perfectivo, puntualidade, volicionalidade, polaridade afirmativa, modo real, un axente alto en animación e un obxecto individuado e plenamente afectado. Trátase dun exemplo prototípico de transitividade. Pola súa parte, (11b) carece de aspecto perfectivo e puntualidade, e isto fai baixar o seu grao de transitividade. Mais hai que ter en conta que os trazos son tamén internamente graduais, por exemplo, dentro dos participantes animados hai exemplares máis idóneos que outros para desempeñar o papel de axente. Isto converte a transitividade nunha propiedade lingüística moi complexa, susceptíbel de se medir cualitativamente máis que cuantitativamente.

Por outra banda, obsérvase unha covariación nos trazos que conforman esta propiedade, de modo que a posición de un deles na zona alta ou baixa do contínuum transitivo vai ter correlato noutro trazo, que se situará na mesma zona que o primeiro. P. Hopper e S. Thompson (1980: 255) chaman a isto a *hipótese de transitividade*, un principio xeral da gramática das linguas.

Como se apuntou, as linguas reservan un esquema básico para a expresión da transitividade prototípica. Cando algunha das súas propiedades se ve alterada, o enunciado afástase do centro da categoría. Isto maniféstase en alteracións da codificación prototípica (non marcada), que pasará a marcarse como anómala con mecanismos que variarán segundo as linguas.

Tendo en conta que os trazos covarían, as marcas van manifestar a alteración de varias propiedades e non de unha soa. Unha lingua marcará un determinado conxunto de propiedades, deixando outras sen un mecanismo gramatical específico que manifeste as

- (14) b. *Glexma* *datesa* *marcvlebi*.
granxeiro.ERGATIVO plantar.P3.AORISTO sementes.NOMINATIVO
“O granxeiro plantou sementes”

Un efecto semellante observamos en samoano²⁵, cuxa construción ergativa supón unha interpretación perfectiva fronte á antipasiva, que manifesta aspecto imperfectivo:

- (15) a. *Na va'ai le tama i le i'a*.
PTO. mirar ART. rapaz PREP ART. peixe
“O rapaz contemplaba o peixe”

- b. *Na va'ai e le tama le i'a*.
PTO. mirar ERG. ART. rapaz ART. peixe
“O rapaz detectou o peixe”

A secuencia (15b) posúe o esquema propio da transitividade, cun primeiro participante en ergativo (*e le tama*) e un paciente non marcado (*le i'a*), o que supón caso absolutivo; (15a) é unha construción antipasiva en que o primeiro participante perdeu a marca de ergativo e pasou a exercer o caso absolutivo (*le tama*) e o paciente degradouse a un caso oblicuo (*i le i'a*). Temos en ambos os dous exemplos un mesmo verbo cunha mesma marca temporal (*na*, pretérito), de maneira que as diferenzas de aspecto maniféstanse unicamente nas marcas de caso. En realidade, o carácter aspectual do enunciado só se pode coñecer nunha interpretación conxunta do mesmo e está ligada a outros factores da transitividade, tamén dependentes do esquema sintáctico.

4.2.2 Polaridade

Podemos observar de maneira clara os efectos desta propiedade nunha lingua como o francés²⁶:

- (16) a. *Jean a mangé un gâteau*.
“Jean comeu un pastel”

²⁵ Lingua austronesia falada en Samoa. Datos de P. Hopper e S. Thompson (1980: 272).

²⁶ Lingua indoeuropea falada no Estado francés.

- (16) b. *Jean n'a pas mangé de gâteau.*

“Jean non comeu pastel”

Como indica T. Moure (2010: 87-88), intereses didácticos levaron a defender un paradigma de artigo indefinido dificilmente xustificábel. Na nosa perspectiva, a preposición *de* marca a atipicidade do enunciado, que presenta polaridade negativa.

4.2.3 Volicionalidade

A codificación sintáctica dos argumentos pode servir a moi diversos propósitos. En galego, se queremos marcar a falta de control do primeiro participante sobre o evento podemos alterar o esquema sintáctico. Con exemplos de T. Moure (2010: 87):

- (17) a. *Saleta rompeu o vaso.*

SUXEITO-VERBO-CD

=> TRANSITIVIDADE PROTOTÍPICA

- b. *A Saleta rompeulle o vaso.*

COMP.INDIRECTO-VERBO-SUXEITO

=> TRANSITIVIDADE ALTERADA

Mesmo en predicados cun único argumento obsérvase unha variación das marcas do participante segundo o seu grao de volicionalidade. Os participantes que controlan o estado de cousas reciben a codificación propia de A, entre tanto, os que non controlan o evento codifícanse como P, como acontece en pomo oriental²⁷:

- (18) a. *Ha ce·xélka.*

“Estoume deslizando”

- b. *Wí ce·xélka.*

“Estou esvarando”

Tanto *ha* como *wí* son formas de primeira persoa. O seu reparto no esquema sintáctico non marcado correspóndese co suxeito e co obxecto, respectivamente, mais o seu uso en

²⁷ Lingua pomoana orixinal do norte de California, ao bordo da desaparición. Datos de P. Hopper e S. Thompson (1980: 265).

predicados dun só participante revela diferenzas de volicionalidade.

4.2.4 Individuación do obxecto

A alteración da transitividade canónica neste parámetro dá lugar a unha construción coñecida como incorporación de obxecto: cando a entidade receptora da acción está moi pouco individuada e non é clara a súa referencia, interprétase como un predicado complexo, ao xeito de *ter fame*, *ter présa* ou *sentir pena*. En galego esta construción non está gramaticalizada, mais en chukchi²⁸ os seus efectos son máis claros:

- (19) a. *Tumg-e na-ntawat-ən kupre-n.*
amigos-ERG. colocar-TRANS. rede-ABSOL.
“Os amigos colocaron a rede”
- b. *Tumg-ət kopra-ntawat-gʔat.*
amigos-NOM. rede-colocar-INTRANS.
“Os amigos colocaron redes”

En (19a) temos a construción transitiva canónica nas linguas ergativas, cun axente en caso ergativo, un paciente en absoluto e un verbo coa marca de transitividade. Non obstante, en (19b) o obxecto ocupa a posición preverbal, incorpórase ao verbo e participa de procesos fonolóxicos de asimilación; pola súa parte, o axente toma o caso nominativo e o verbo a marca de intransitividade. A baixa individuación do obxecto supón a alteración do esquema sintáctico, que se dispón co fin de marcar a atipicidade do enunciado.

4.2.5 Afección do obxecto

Vimos arriba a construción antipasiva en samoano, empregada para marcar un trazo de baixa transitividade como é o aspecto imperfectivo. A mesma construción pódese empregar para marcar outras alteracións como a baixa afección do obxecto. Contrástanse os exemplos seguintes, tamén da lingua oceánica²⁹:

²⁸ Datos de P. Hopper e S. Thompson (1980: 257).

²⁹ Datos de R. Maldonado (2007: 844).

- (20) a. *Sa 'ai e le teine le i'a.*
PTO. comer ERG. ART. rapaza ART. peixe
- b. *Sa 'ai le teine i le i'a.*
PTO. comer ART. rapaza PREP. ART. peixe

A construción transitiva (20a) supón que o paciente (en absoluto) está totalmente afectado pola acción, ou sexa, que a rapaza come todo o peixe. En troques, (20b) manifesta unha alteración na afección do obxecto (en caso oblicuo), isto é, que a rapaza comeu só parte do peixe.

Segundo o postulado pola hipótese de transitividade, o máis atinado é considerar que a marcaxe do obxecto como atípico non afecta só ás súas propiedades senón que supón tamén unha alteración doutros valores, de maneira que a marca no obxecto é un índice da alteración da transitividade global da predicación. Como mostra deste comportamento, o finés³⁰ posúe un caso partitivo que alterna co acusativo, non só para marcar a baixa afección do obxecto, senón tamén asociado á polaridade negativa e ao aspecto imperfectivo.

4.3 Definindo o CD

A concepción da transitividade como unha propiedade gradual do enunciado afástanos da consideración do CD como unha consecuencia do réxime verbal e permite explicar con maior eficacia as distintas manifestacións que presenta esta función sintáctica.

Asumindo que as funcións sintácticas son mecanismos que permiten expresar e identificar as funcións semánticas ou roles dos participantes, debemos asociar o CD a un determinado rol. O CD sempre codifica o segundo argumento, aínda que o segundo argumento non sempre se codifica como CD. E este segundo lugar valencial asóciase, na construción transitiva, ao rol semántico de paciente. Polo tanto, o vínculo entre CD e paciente é claro, máis aínda se consideramos a construción transitiva como o esquema básico dunha lingua, a partir do cal se derivan o resto de esquemas sintácticos.

³⁰ Lingua urálica falada en Finlandia. Datos de P. Hopper e S. Thompson (1980: 265, 271).

Xeralmente, sostense que non hai unha relación biunívoca entre funcións sintácticas e funcións semánticas. A razón é que unha mesma función sintáctica pode codificar roles semánticos moi variados. Sen dúbida, isto é certo. Con todo, as diversas características dos participantes non deben ocultar o que teñen en común, porque iso levaría a multiplicar innecesariamente as entidades.

Todo pasa por considerarmos os roles semánticos categorías graduais, de maneira que os argumentos mostrarán distintos niveis de pertenza a un determinado rol. Nesta liña, D. Dowty (1991: 572) propón o seguinte conxunto, non exhaustivo, de propiedades para caracterizar o proto-rol de paciente ou, simplemente, proto-paciente:

- (21) a. Padecemento dun cambio de estado.
- b. Afección causal por outro participante.
- c. Non movemento a respecto doutro participante.
- d. Existencia non independente do evento.

Nunha definición en termos prototípicos como esta non fai falta satisfacer todos os requirimentos para entrar a formar parte da clase. Cada argumento terá un grao de pertenza distinto segundo as súas características:

- (22) a. *Xavier construíu unha casa.*
- b. *A rapaza rachou o papel.*
- c. *María cruzou a estrada.*

O paciente de (22a) posúe todas as propiedades da clase, trátase do prototipo da categoría. No seguinte caso, o obxecto de (22b) presenta moitas das propiedades mais non todas: padece un cambio de estado causado por outro participante a respecto do cal non se move (requirimentos 21a-c), mais a súa existencia é previa ao evento (non posúe 21d). Por último, en (22c) atopamos un participante marcado como paciente que só presenta o trazo (21c), feito que non supón un impedimento para a súa inclusión na clase.

En coherencia con isto, podemos definir o CD como a función sintáctica que recobre a clase prototípica PACIENTE ou, nos termos de G. Rojo (1979), como a relación que media

entre o significado '(proto-)paciente' e as marcas que recibe o participante que exerce ese rol na oración.

Recoñecendo que as linguas están expostas a motivacións externas de carácter comunicativo e cognitivo, compréndese a tendencia a reservar unha codificación específica para un participante tan importante nas mensaxes como o paciente.

4.4 Animación e determinación

Na proposta de D. Dowty (1991) óbvianse dous importantes parámetros semánticos que inflúen na codificación que reciben os participantes. Estámonos a referir á animación e á determinación.

Aínda que as linguas reflicten a organización do mundo real, non o fan exhaustivamente senón que filtran e organizan as diferenzas reais para lles tirar a máxima rendibilidade. Só así se explica que dúas unidades lingüísticas con referentes igualmente animados posúan distinta animación no sistema lingüístico. A distinción relevante para a lingua é a actividade potencial do participante. Por iso o pronome *ela* é tratado como máis animado que a frase nominal *a rapaza*, a pesar de que as dúas unidades poidan ter o mesmo referente.

Por determinación entendemos a individuación e definición da entidade que fai posíbel o acto de referencia. Como vimos máis arriba (§4.2), P. Hopper e S. Thompson (1980) asociaban a alta determinación co paciente prototípico, porque un participante ben identificado facilita a transferencia do axente.

Estas dúas propiedades interactúan entre si e dan lugar a unha xerarquía, dada a súa natureza gradual. Aínda que a maioría de chanzos son comúns, cada lingua define a escala de maneira particular. Tomamos aquí a proposta por F. A. Cidrás (2006: 152) para o galego:

(23) Xerarquía de animación:

[PronPers [+deíct]] > [N prop] > [+parent] > [+hum] > [+anim] > [+discr] > [+contin]

(24) Xerarquía de determinación:

[individuado] > [definido] > [indefinido] / [non referencial]

Segundo a caracterización feita, o paciente prototípico situaríase nas zonas máis altas da xerarquía de determinación e nas máis baixas da xerarquía de animación, sen chegar ao chanzo das entidades continuas, que entraría en conflito coa individuación. O motivo da baixa animación do paciente é claro: canto menor sexa a actividade potencial do participante menos posibilidades terá de evitar os efectos do evento sobre si e máis efectiva será a transferencia. Con base nisto, cumpriría engadir aos trazos do paciente prototípico de (21) a baixa animación e a alta individuación.

Como os roles semánticos son entidades continuas, hai que asumir desviacións do prototipo. Unha baixa determinación do paciente leva a construcións intransitivas como a incorporación de obxecto (*vid. supra* §4.2.4). Do mesmo xeito, a alta animación do paciente é un trazo que precisa ser marcado, mais os seus efectos teñen maior alcance por causa da colisión co axente.

Con certeza, o axente prototípico sitúase nos chanzos máis altos das dúas xerarquías, de maneira que un paciente con estes mesmos trazos introduce risco de confusión³¹. Isto predí que se marquen os pacientes que se sitúan na parte máis alta das xerarquías de animación e determinación segundo un sistema de *marcaxe selectiva de obxecto* (F. A. Cidrás 2006). Deste modo, a marca preposicional (*a* no caso do galego) emprégase cando é necesario distinguir o suxeito do CD, dando lugar a unhas zonas de uso obrigatorio da marca e outras zonas onde o seu uso depende dunha avaliación *ad hoc* do falante ou da falante, que ten que ter en conta diversos factores. En galego, o uso da marca só é obrigatorio para os pronomes persoais (e algúns non-persoais cando teñen referente persoal) que funcionan como CD. O resto de casos de potencial confusión depende da avaliación que a falante ou o falante faga con base en criterios como a comparación dos trazos semánticos do suxeito e o CD, a orde de constituíntes ou certos contextos sintácticos que favorecen a confusión entre suxeito e CD.

³¹ Vese aquí a interacción entre animación e determinación: as unidades máis animadas (deícticos persoais, nomes propios) están necesariamente moi determinadas. Isto non acontece con unidades menos animadas, que poden corresponderse con distintos graos de determinación.

Nunha zona de uso variábel como a dos nomes propios, localizada nos chanzos máis altos das escalas de animación e determinación, a aparición do artigo determinado favorece a ausencia de preposición porque rebaixa o grao de determinación deses nomes: *Vin a Pepe* fronte a *Vin o Pepe*. Este tipo de efectos son máis notábeis en linguas onde o uso da marca tivo un avance maior no eixe da animación, de modo que a súa presenza asóciase coa referencialidade e a súa ausencia, ante o mesmo participante, leva a unha interpretación non referencial. Véxanse os exemplos do español³² e do hindi³³:

esp.	(25)	a. <i>Busco un criado.</i>	CD \emptyset
		b. <i>Busco a un criado.</i>	CDa
hindi	(26)	a. <i>Mai naukar khotja hu.</i>	CD \emptyset
		b. <i>Mai naukar-ko khotja hu.</i>	CD-ko

Os exemplos da serie (a) interprétanse como ‘procurar alguén que faga o oficio de criado’, fronte aos referenciais da serie (b) que significan ‘procurar unha persoa determinada que fai o oficio de criado’.

No fin de contas, a aparición da preposición é un fenómeno dominado polas propiedades semánticas dos participantes, estreitamente ligadas á efectividade da transferencia do evento. A presenza da preposición responde, pois, á alteración da transitividade prototípica.

4.5 Os CD con preposición do galego

Acabamos de ver que o galego emprega a preposición *a* co CD para marcar a atipicidade de determinados esquemas sintácticos transitivos. Na mesma liña, propoñémonos analizar os CD marcados con outras preposicións. Hai que ter en conta que o uso de *a* como marcadora selectiva de obxecto outórgalle unha importancia sintáctica e un grao de gramaticalización que non imos encontrar noutras construcións con preposición. En efecto, as preposicións marcadoras de obxecto distintas de *a* non están destinadas a garantir a diferenciación dos participantes e identificar as súas funcións semánticas.

³² Lingua indoeuropea orixinal do Estado español.

³³ Lingua indoeuropea falada na India. Exemplos de T. Moure (2010: 85) para as dúas linguas.

Aínda así, é posíbel unha explicación conxunta do fenómeno de marcaxe de obxecto partindo da súa potencial vinculación coa transitividade.

En primeiro lugar, cómpre aclararmos que estamos ante construcións de CD e non de suplemento, como defenden X. R. Freixeiro Mato (2006: 639-645) ou X. M. Sánchez Rei (2010), porque a preposición non está rexida polo verbo, como si acontece nos suplementos, e o significado léxico do verbo non se ve alterado pola presenza da preposición. Desta maneira, *falar de [un asunto]* (verbo + suplemento) presenta un significado léxico (e un marco predicativo) distinto de *falar [un asunto]* (verbo + CD). No primeiro caso, o significado é o de ‘manter unha conversa’ ao paso que no segundo se corresponde con ‘comentar’. Estamos, na realidade, ante palabras distintas con marcos predicativos diferentes.

Este tipo de diferenzas non se observan nas construcións con CD introducido por preposición: o que distingue *ler o libro* de *ler no libro* ou *tirar o vaso* de *tirar co vaso* non é o significado do verbo nin o seu marco predicativo (mesmos argumentos con idénticas restricións e funcións) senón outro tipo de valores xeralmente asociados á efectividade da transferencia do evento do axente ao paciente.

En segundo lugar, hai que notar a centralidade de *en* como preposición marcadora de CD distinta de *a* na literatura gramatical. Este feito explícase pola súa alta produtividade e pola súa avanzada gramaticalización. Segundo F. A. Cidrás (1998), a caída dos casos latinos supón a aparición dunha serie de preposicións candidatas á marcaxe selectiva de obxecto. Dado que só unha delas pode gramaticalizarse con esta función, o resto verase desprazado cara ás marxes onde “poden atopar unha alta rendabilidade” e “mesmo regramaticalizarse, como verosimilmente está a ocorrer en bo grao coa construción transitiva con *en* en galego moderno” (1998: 578). Parece comprensíbel o privilexiado tratamento de *en* fronte a outras preposicións distintas de *a*, por ser a marca máis empregada, mellor asentada e cuns efectos máis nítidos, aínda que isto non debe levar a esquecer outras marcas nin a renunciar á explicación conxunta do fenómeno.

4.5.1 Uso de *en* con CD

O uso desta construción foi vista pola tradición gramatical como un fenómeno diferenciador do galego, de carácter anecdótico e carente de sistematicidade. Nesta perspectiva, o uso da preposición asóciase ao carácter durativo da acción verbal ou supón un sinal de énfase ou a presenza de pegadas locativas³⁴.

En aproximacións máis recentes, como a de X. Riveiro Costa (2004), explícase o fenómeno con base na semántica verbal, de xeito que o uso da preposición queda asociado a verbos durativos non resultativos, caracterización que parece insuficiente por non explicar a alternancia nos verbos resultativos e obviar o alcance discursivo do fenómeno, que fica confinado á semántica léxica.

Unha explicación máis consistente vincúlase ao carácter transitivo do obxecto marcado. Esta posibilidade é apuntada xa por A. Rodríguez Guerra (1997) e explorada en profundidade por T. Moure (1999, 2010) e J. Rivas (2002) quen, a partir das ideas de P. Hopper e S. Thompson (1980), asocian o uso da preposición a alteracións da transitividade global da predicación. Deste modo, o fenómeno adquire sistematicidade, permitindo a explicación integrada da marcaxe preposicional de obxecto.

Así pois, o uso de *en* está asociado á telicidade, un contido aspectual intimamente ligado á transitividade. Unha situación télica defínese por ter capacidade de duración interna e estar orientada cara a un fin, posuíndo desta maneira uns límites lóxicos. Adóitanse caracterizar como eventos que se son interrompidos non se chegan a realizar:

- (27) a. *Xavier xogou ás cartas.*
b. *María construíu unha casa.*

Se Xavier é interrompido mentres está xogando ás cartas, podemos afirmar que xogou ás cartas (atélico). Mais se María é interrompida mentres está construíndo unha casa, non é posíbel afirmar que construíu unha casa (télico). Intúese nestes exemplos a estreita relación entre telicidade e obxecto, que constitúe a meta a que se dirixe o evento e en que

³⁴ Véxase a revisión que fai A. Rodríguez Guerra (1997: 345-347) do tratamento do fenómeno no ámbito galego, desde Saco Arce até a década de 1980.

se verifica o estado de cousas. Neste sentido, D. Dowty (1991: §6) caracteriza tal conexión en termos dunha *relación homomórfica* entre predicado e obxecto, isto é, un vínculo grazas ao cal podemos coñecer o progreso dun evento a partir da observación da entidade que o sofre (1991: 567):

If I tell my son to mow the lawn (right now), and then I look at the lawn an hour later, I will be able to conclude something about the ‘aspect’ of the event of his mowing the lawn from the state of the lawn, viz., that the event is not yet begun, or is partly done but not finished, or is completed, according to whether the grass on the lawn is all tall, partly short, or all short [*Se lle digo ao meu fillo que corte o céspede (agora) e unha hora despois observo o céspede, poderei concluír algo acerca do ‘aspecto’ do evento a partir do estado do céspede, a saber, que o evento aínda non comezou, ou que está parcialmente realizado mais non finalizado, ou que está completo, segundo a herba do céspede estea alta, parcialmente curta ou totalmente curta*].

Se a telicidade consiste neste tipo de relación, podemos explicar que a combinación dun predicado télico con nomes masa ou obxectos pouco individuados resulte en interpretacións atélicas:

- (28) a. *María bebeu unha cervexa.* TÉLICO
 b. *María bebeu cervexa.* ATÉLICO

Ante estes datos, a telicidade deixa de ser unha propiedade confinada ao dominio léxico do verbo para adquirir alcance sobre o conxunto do enunciado, marco onde interactúa con outras propiedades. A telicidade, na medida en que mostra a alta cohesión entre o estado de cousas e o participante afectado, é o contido aspectual propio da transitividade canónica.

A partir de aquí, o uso de *en* con CD en galego explícase como marca de atelicidade, en harmonía coa liña que vimos defendendo de procesos sintácticos que sinalan alteracións da transitividade prototípica.

Desta maneira, a preposición tenderá a usarse con verbos atélicos (*buscar o tesouro / buscar no tesouro*), así como con verbos télicos para forzar unha interpretación atélica (*ler o libro / ler no libro*). É de supor que no primeiro caso o uso da marca estea condicionado por factores contextuais, principalmente o aspecto imperfectivo, aínda que

carecemos de datos que o confirmen³⁵. É no segundo dos supostos onde o uso da preposición é máis produtivo e as súas motivacións se tornan máis claras. O test da interrupción apoia esta hipótese:

- (29) a. *Se María estaba lendo **o libro** e a interromperon, leu **o libro**? Non.*
b. *Se María estaba lendo **no libro** e a interromperon, leu **no libro**? Si.*

A resposta negativa supón telicidade, a positiva atelicidade. Aínda que este tipo de probas son insuficientes para medir a propiedade con exactitude e perigosas se se empregan para definila, o certo é que son útiles para detectala.

Nos exemplos de (29) obsérvase que a marca altera as propiedades do evento, que deixa de estar orientado cara á consecución dunha meta e móstrase no seu desenvolvemento, perdendo os límites lóxicos que posuía. A súa aplicación non se limita a secuencias de aspecto imperfectivo, senón que mostra alteracións máis profundas relativas ao vínculo entre evento e paciente.

Así explicamos que estes CD non admitan predicativos que supoñen un resultado, sen isto estar derivado do seu carácter de suplemento, como argumenta X. R. Freixeiro Mato (2006: 640): *miúda* é predicativo do CD en *pican a pedra miúda* e modificador en *pican na pedra miúda*, pois este último evento é atélico e non orientado cara a unha meta, así que o adxectivo non se pode referir ao resultado da acción.

En definitiva, o uso da preposición é unha estratexia discursiva que serve para presentar un estado de cousas dun determinado xeito, con consecuencias na semántica e na sintaxe do enunciado.

Dada a íntima conexión entre predicado e obxecto nos eventos télicos, a atelicidade resulta nunha diminución da afección do obxecto que, en consecuencia, perde protagonismo discursivo en prol do carácter durativo do evento. Unha covariación semellante observabamos en samoano, cuxa antipasiva empregamos para exemplificar alteracións do aspecto —serie (15), §4.2.1— e da afección do obxecto —serie (20),

³⁵ A alternancia que se suxire é do tipo *buscou o tesouro* (perfectivo) / *estivo buscando no tesouro* (imperfectivo).

§4.2.5—, as mesmas que teñen lugar no uso de *en* con CD en galego. Por outra banda, na construción samoana o obxecto pasa a codificarse coa preposición de locativo, como tamén en galego. Con todo, non se trata de esquemas idénticos mais si da mesma estratexia comunicativa, destinada a expresar significados moi semellantes con mecanismos paralelos.

O uso do locativo con estes fins non é exclusivo de galego e samoano, senón que se documenta noutras linguas, como o húngaro³⁶ ou o newari³⁷, que asocian esta marca á baixa afección do obxecto:

- (31) a. *wa-n* *laasaa* *daala.*
el-ERG. colchón-ABSOL. bater.P3
“El bate o colchón”
- b. *wa-n* *laasaa-e* *daala.*
el-ERG. colchón-LOC. bater.P3
“El bate no colchón”

Nos exemplos do newari de (31), o enunciado (a), co caso non marcado para o obxecto, aplícase á situación transitiva prototípica fronte ao (b), marcado con locativo, que supón que o obxecto é grande de máis para ser manipulado, isto é, para verse plenamente afectado. No caso do húngaro, o uso de locativo ten lugar con nomes masa que, como vimos na serie (28), levan a interpretacións atélicas.

A consideración da construción “*en* + CD” como marca da atipicidade do enunciado nas coordenadas do aspecto e da afección do obxecto gaña forza coas evidencias de linguas como o samoano, o húngaro ou o newari, sen ningún tipo de relación (xeográfica, de parentesco...) entre si, mais cun comportamento semellante neste punto das súas sintaxes.

³⁶ Lingua urálica falada en Hungría. Datos de T. Moure (2010: 89).

³⁷ Lingua sino-tibetana falada no Nepal. Datos de T. Moure (2010: 90).

4.5.2 Uso de *con*, *de* e *por* con CD

En consonancia coa explicación trazada aquí para o uso de *en* con CD, defenderemos que a presenza destoutras preposicións responde a alteracións de propiedades na órbita da transitividade. Hai que reparar neste caso en que a súa produtividade e o seu nivel de gramaticalización son menores, de modo que os seus usos posúen menos sistematicidade e os valores que vehiculan son menos regulares.

O uso de *de* con valor partitivo é ben coñecido e supón unha alteración da afección do obxecto:

- (32) a. *Xavier comeu o peixe.*
b. *Xavier comeu do peixe.*

Este tipo de mecanismo de marcaxe é común a outras linguas como o finés ou o ruso³⁸. Esta última emprega o xenitivo, como o galego, para marcar unha entidade parcialmente afectada polo evento:

- (33) a. *peredajte me xleb.*
pasar pan-ACUS.
“Pásame o pan”
b. *peredajte me xleba.*
pasar pan-XEN.
“Pásame (un pouco de) pan”

A preposición *de* en galego admite outro uso con CD, distinto ao anterior, en que serve para marcar a baixa determinación do obxecto en combinación con situacións puntuais, correspondente aos exemplos de (34):

- (34) a. *Colleu de chaqueta e marchou.*
b. *Sacou de navalla para que non se lle achegasen.*

³⁸ Lingua indoeuropea falada en Rusia. Datos de J. Rivas (2002: 260).

É clara a escasa referencialidade do obxecto nestes casos fronte a *colleu a chaqueta* e *sacou a navalla*. Co mecanismo preposicional, a emisora ou o emisor está a conceder pouca importancia ao obxecto concreto sobre o que recae a acción, mais sen chegar a conformar un predicado complexo como acontece na incorporación de obxecto.

A preposición *con* + CD asóciase á baixa volicionalidade:

- (35) a. *María tirou o vaso.*
b. *María tirou co vaso.*

O primeiro enunciado deixa aberta a posibilidade de que María tirase o vaso querendo ou non (é a forma non marcada), en canto o segundo supón que a acción se levou a cabo sen que ela a controlase. O uso da preposición revela o pouco interese do axente na transformación do paciente. J. Rivas (2002: 262) nota unha alternancia paralela en ruso, que opón o instrumental ao acusativo:

- (36) a. *Ivan šuyrjal kamni.*
Iván-NOM. estaba tirando pedras-ACUS.
“Iván estaba tirando pedras”
b. *Ivan šuyrjal kamnjami.*
Iván-NOM. estaba tirando pedras-INSTR.
“Iván estaba tirando coas pedras”

Por último, *por* con CD emprégase con predicados como *chamar* ou *agardar* para presentar un estado de cousas atético. Os seus efectos non son tan fortes como os do uso de *en*, porque *por* non se combina con predicados transformativos e a alteración do punto de vista non é tan profunda:

- (36) a. *Xavier chamou por María.*
b. *María agardou por Xavier.*

Cómpre notarmos que nos usos destas tres preposicións, xunto co significado que foi sinalado, vehicúlase normalmente unha diminución da afección do obxecto.

Pode pensarse que a explicación de R. Álvarez e X. Xove (2002: 98-100) non difire en gran medida da aquí exposta, mais dáse unha mudanza fundamental: o uso de diversas preposicións deixa de verse como un conxunto de mecanismos heteroxéneos e de carácter anecdótico, para conectar cunha propiedade fulcral das linguas como a transitividade, que domina as codificacións sintácticas máis básicas e orienta os usos comunicativos.

Por outra banda, as evidencias chegadas de linguas afastadas xeográfica e tipoloxicamente, sen parentesco nin ningunha relación coñecida entre si cuestionan a excepcionalidade do comportamento do galego e fornecen un material empírico que serve de pedra de toque para as hipóteses explicativas, confirmando a relevancia da transitividade na codificación das nosas mensaxes. Neste sentido, apuntan cara á existencia de principios xerais que rexen as linguas, determinados pola súa condición común de linguas humanas, xa que non é posíbel apor as coincidencias a unha orixe común ou ao contacto entre poboacións. Consequimos desta maneira unha explicación unificada da marcaxe preposicional de obxecto en galego, fortemente apoiada por datos empíricos e coherente co comportamento xeral das linguas.

Conclusións

Neste traballo esbozamos un enfoque de estudo das linguas caracterizado pola atención á linguodiversidade. Na situación actual de desaparición de linguas, todas as áreas da ciencia da linguaxe deben tomar un claro compromiso en prol das variedades que están a desaparecer. Desta maneira, o recurso á diversidade lingüística na descrición gramatical é un acto de restitución e un modo de combater a homoxeneización.

Non obstante, este recurso a linguas afastadas e “exóticas” está intrinsecamente motivado polos principios da opacidade e da perspectiva, que nos din que non é posíbel coñecer todas as propiedades relevantes nas linguas a partir do estudo dunha única variedade. Ignorar estes principios prexudicou a validez interlingüística das propostas da gramática clásica e tradicional. Mesmo nunha escola moderna como a gramática xerativa detectamos estas pexas, como vimos a respecto da orde de constituíntes da frase.

Ora ben, a importancia da atención a linguas tipoloxicamente distantes derívase non só dos propios datos que ofrecen senón tamén da necesidade de novos métodos que evidencian. Estes novos métodos, aplicados a linguas supostamente xa coñecidas e descritas, poden servir para abordar cunha nova perspectiva vellos problemas e, quizais máis importante, presentar como problemáticas zonas que non o parecían baixo o foco dos métodos tradicionais³⁹.

Deste xeito, introducimos unha alternativa á categorización tradicional, baseada en métodos non-discretos. Esta alternativa xurdiu do manexo dunha ampla base empírica, que espertou a necesidade de novas ferramentas, entre as que destacamos a teoría dos prototipos. Exploramos a súa aplicación a un ámbito da gramática como as clases de palabras, onde permitiu xustificar a existencia de adxectivos a nivel interlingüístico.

Na mesma liña, a concepción da transitividade como unha propiedade non-discreta,

³⁹ Unha característica do estruturalismo americano foi esta preocupación por desenvolver novos métodos, derivada do estudo das linguas nativas de Norteamérica ante as cales os instrumentos teóricos herdados da gramática clásica se mostraban case impotentes. Por outra banda, a aplicación dos métodos de descrición do inglés á lingua hebrea (afroasiática) levou a Chomsky a desenvolver novas ferramentas, dando lugar á gramática xerativa.

baseada no comportamento de linguas diversas, permitiu unha mellor caracterización da función sintáctica de CD e unha explicación conxunta da marca de obxecto en galego. Así, os casos en que o CD aparece marcado por unha preposición supoñen unha alteración do esquema non marcado da transitividade prototípica. Quizais máis significativa que unha explicación eficiente resulte a aceptación da vaguidade na definición das funcións sintácticas, que deixan de ser inmutábeis e homoxéneas para adquirir organización interna. A aparición de exemplares atípicos como os CD con preposición convértese así nunha oportunidade de coñecer con maior profundidade o fenómeno da transitividade, no canto de supor un desafío para a teoría.

Atopar definicións de adxectivo ou explicacións da marca de obxecto válidas a nivel interlingüístico non é só relevante no ámbito da lingüística xeral, tamén debe ser un obxectivo no estudo particular dunha lingua. Non se trata de encher os descripcións gramaticais do galego de exemplos doutras linguas, senón de estudar o galego, ou calquera outro idioma, en calidade de lingua humana necesariamente relacionada con outros membros da súa especie, e non como un obxecto formal independente e con regras propias e exclusivas.

Viuse a eficacia desta maneira de proceder na análise proposta para os CD do galego, especialmente na construción “*en* + CD”. Construcións con locativo deste tipo están presentes tamén en samoano, newari e húngaro, linguas sen ningunha relación coñecida: pertencen ás familias austronesia, sino-tibetana e urálica, respectivamente, así como o galego á indoeuropea; non hai constancia de contacto histórico entre as súas respectivas poboacións; e existe unha gran distancia entre as súas gramáticas. Mais a coincidencia neste punto das súas sintaxes non pode ser casual e só se explica (descartados a orixe común e o contacto) pola existencia duns principios xerais: aínda que as diferenzas entre linguas son notábeis, a súa variación non é aleatoria e dáse dentro dun espazo determinado que só pode ser coñecido mediante o estudo contrastivo dun número amplo de linguas.

Ao mesmo tempo, coñecer ese espazo de variación permite explicarmos de maneira máis eficiente fenómenos concretos dunha lingua, explicacións que se beneficiarán da amplitude dos conceptos empregados: unha xustificación unificada do comportamento de galego, samoano, newari e húngaro conta coa garantía da variedade tipolóxica, que permitirá detectar as propiedades lingüisticamente relevantes e refugar as accesorias.

En resumo, o valor da linguodiversidade nos estudos lingüísticos cífrase en dous puntos:

- (a) nos datos obxectivos que ofrece para o coñecemento da linguaxe, que poden refutar, apoiar ou matizar hipóteses creadas a partir dunha base empírica máis reducida;
- (b) na necesidade de desenvolver novos métodos que, como a teoría dos prototipos, se mostran extraordinariamente fértiles no estudo das linguas, mesmo de aquelas ben coñecidas e descritas.

Dar as costas ao material empírico que ofrece a diversidade lingüística revélase como un erro que cómpre evitar cando se fai gramática. Aínda que é certo que este material ameaza con abalar moitas das nocións que consideramos ben cimentadas, tamén debuxa o camiño para a construción dun aparato teórico amplo e sólido e reforza as explicacións de fenómenos particulares, feitos que demostran a relevancia da linguodiversidade no estudo da linguaxe.

Apéndice de linguas referidas

!xu: lingua do grupo khoisan (familia tuu, segundo S. Nordhoff *et alii* 2013) falada en Botswana e Namibia; 8.

Chukchi: lingua da familia chucotco-camchatca, falada no nordeste de Siberia; 13-14, 39.

Dyirbal: lingua australiana (familia pama-nyungana) falada no nordeste de Queensland; 16, 23.

Español: lingua indoeuropea orixinal do Estado español; 44.

Fijiano: lingua austronesia falada nas illas Fiji; 25.

Finés: lingua urálica falada en Finlandia; 40, 50.

Francés: lingua indoeuropea falada no Estado francés; 37-38.

Galego: lingua indoeuropea falada en Galiza; referida ao longo de todo o traballo.

Hanunoo: lingua austronesia falada no sur das Filipinas; 20-21.

Hebreo: lingua afroasiática falada no Medio Oriente; 53 (nota 39).

Hindi: lingua indoeuropea falada na India; 44.

Húngaro: lingua urálica falada en Hungría; 49, 54.

Igbo: lingua da familia atlántico-congo falada en Nixeria; 24 (nota 17).

Inglés: lingua indoeuropea orixinal de Inglaterra; 11, 13, 23, 25-27, 53 (nota 39).

Jarawara: lingua da familia arawana falada no Amazonas; 24.

Latín: lingua indoeuropea falada na antiga Roma; 13, 24, 26 (nota 19).

Malaiio: lingua austronesia falada en Malaisia; 11.

Manang: lingua sino-tibetana falada no Nepal; 28.

Newari: lingua sino-tibetana falada no Nepal; 49, 54.

Pomo oriental: lingua pomoana orixinal do norte de California, ao bordo da desaparición; 38-39.

Ruso: lingua indoeuropea falada en Rusia; 50-51.

Samoano: lingua austronesia falada en Samoa; 37, 39-40, 48-49, 54.

Tariano: lingua da familia arawak falada na fronteira entre o Brasil e Colombia; 26-28.

Xaponés: lingua de difícil filiación xenética (adóitase relacionar co coreano e coas linguas altaicas) falada no Xapón; 12.

Xeorxiano: lingua kartveliana falada en Xeorxia; 36-37.

Bibliografía

- Álvarez, Rosario e Xosé Xove (2002): *Gramática da lingua galega*, Vigo: Galaxia
- Álvarez Cáccamo, Celso (1994): “Da biolinguística à ecolinguística: um câmbio de paradigma necessário”, en *A Trabe de Ouro* 18, 205-212
- Berlin, Brent e Paul Kay (1969): *Basic color terms: their universality and evolution*, Berkeley: University of California Press
- Cidrás Escáneo, Francisco A. (1998): “Marcaxe preposicional de obxecto en galego. Emerxencia e vicisitudes dun proceso de gramaticalización sintáctica”, en Dieter Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vigo: Galaxia, 569-580
- — — (2006): “Sobre o uso da preposición *a* con OD en galego”, en *Verba* 33, 147-174
- Comrie, Bernard (1981): *Language universals and linguistic typology. Syntax and morphology*, Oxford: Basil Blackwell, trad. ao español de Augusta Ayuso (1989): *Universales del lenguaje y tipología lingüística: sintaxis y morfología*, Madrid: Gredos
- Croft, William e D. Alan Cruse (2004): *Cognitive Linguistics*, Cambridge: Cambridge University Press, trad. ao español de Antonio Benítez Burraco (2008): *Lingüística cognitiva*, Madrid: Akal
- Crystal, David (2000): *Language Death*, Cambridge: Cambridge University Press, trad. ao galego de Mariña Castro Eiroa (2003): *A morte das linguas*, Vigo: Galaxia
- Dik, Simon C. (1980): *Studies in Functional Grammar*, Londres: Academic Press
- Dixon, Robert M. W. (1997): *The rise and fall of languages*, Cambridge: Cambridge University Press

- — — (2004): “Adjective classes in typological perspective” en R. M. W. Dixon e A. Aikhenvald (eds.): *Adjective classes. A cross-linguistic typology*, Oxford: Oxford University Press, 1-49
- Dowty, David (1991): “Thematic proto-roles and argument selection”, en *Language* 67 (3), 547-619
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2000): *Gramática da lingua galega*, II: Morfosintaxe, Vigo: A Nosa Terra, 2ª ed.: 2006
- Genetti, Carol e Kristine Hildebrandt (2004): “The two Adjective Classes in Manange”, en R. M. W. Dixon e Aikhenvald, A. (eds.): *Adjective classes. A cross-linguistic typology*, Oxford: Oxford University Press, 74-96
- Greenberg, Joseph (1963): “Some universals of grammar with particular reference to the order of meaningful elements”, en Joseph Greenberg (ed.): *Universals of language*, Londres: MIT Press, 73-113
- Hopper, Paul J. e Sandra A. Thompson (1980): “Transitivity in grammar and discourse”, en *Language* 56 (2), 251-299
- Junyent, M. Carme (2009): “A perda da diversidade lingüística no mundo e os procesos de homoxeneización lingüística”, en Henrique Monteagudo (coord.): *Sociedades plurilingües*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 9-36
- Krauss, Michael (1992): “The world’s languages in crisis”, en *Language* 68 (1), 4-10
- Lewis, M. Paul, Gary F. Simons e Charles D. Fennig (eds.) (2013): *Ethnologue: Languages of the World, Seventeenth edition*, Dallas, Texas: SIL International, versión en liña: <http://www.ethnologue.com> [data de consulta: 11-VI-2014]
- López Rivera, Juan José e Teresa Moure (2002): “Ideoloxía e lingüística, un equilibrio inestable: o caso do *Ethnologue*”, en Ramón Lorenzo (coord.): *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago de Compostela: USC, 619-636

- Maldonado, Ricardo (2007): “Grammatical voice in cognitive grammar”, en Dirk Geeraerts e Hubert Cuyckens (eds.): *The Oxford handbook of cognitive linguistics*, Oxford: Oxford University Press, 829-868
- Moreira, Miguel (2011): *Contra a morte das linguas: o caso do galego*, tese doutoral, Santiago de Compostela: USC
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (1995): *La lingüística teórico-tipológica*, Madrid: Gredos
- Moure, Teresa (1994): “La teoría de los prototipos y su aplicación en gramática (I y II)”, en *Contextos* 12 (23-24), 167-219
- — — (1995): “Gradaciones tipológicas: Evidencias de la ergatividad en lenguas acusativas”, en *Verba* 22, 397-428
- — — (1999): “Aspectos da sintaxe do galego desde a perspectiva tipolóxica”, en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela: USC, 751-766
- — — (2001): *Universales del lenguaje y linguo-diversidad*, Barcelona: Ariel
- — — (2010): “Mallando nos Complementos directos: un ornitorrinco na sintaxe do galego”, en *Revista Galega de Filoloxía* 11, 79-103
- — — (2011): *Ecolingüística*, A Coruña: Udc
- Nordhoff, Sebastian, Harald Hammarström, Robert Forkel e Martin Haspelmath (eds.) (2013): *Glottolog* 2.2, Leipzig: Max Planck Institute for Evolutionary Anthropology, versión en liña: <http://glottolog.org/> [data de consulta: 11-VI-2014]
- Rivas, Javier (2002): “Complementos directos periféricos”, en Ramón Lorenzo (ed.): *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago de Compostela: USC, 255-266

- Riveiro Costa, Xesús (2004): “Transitividade preposicional en galego: v.t. + preposición *en* + obxecto directo”, en Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega e Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 149-155
- Robins, R. H. (1967): *A Short History of Linguistics*, Londres: Longman, 3ª ed.: 1990
- Rodríguez Guerra, Alexandre (1997): “Aspectos da transitividade galega: os complementos con ‘en’”, en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos: Universidade de Oxford, 26-28 de setembro de 1994*, Oxford: Centro de Estudos Galegos, vol. 1, 343-352
- Rojo, Guillermo (1979): “La función sintáctica como forma del significante”, en *Verba* 6, 107-151
- Rosch, Eleanor H. (1973): “Natural categories”, en *Cognitive Psychology* 4, 328-350
- Sánchez Rei, Xosé Manuel (2010): *O complemento preposicional en galego. Análise desde a gramática de valencias*, A Coruña: UdC
- Sapir, Edward (1921): *Language. An introduction to the study of speech*, Nova York: Harcourt, Brace and Co., trad. ao galego de Benigno Fernández Salgado (2010): *A linguaxe. Introducción ó estudo da fala*, Santiago de Compostela: USC e Fundación BBVA
- Wittgenstein, Ludwig (1953): *Philosophische Untersuchungen*, Oxford: Blackwell Publishers, trad. ao portugués de M. S. Lourenço (2011): *Investigações filosóficas*, Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian
- Zadeh, L. A. (1965): “Fuzzy sets”, en *Information and Control* 8, 338-353